

FELIPE DE CASTRO

Recordo da Sociedade Liceo de Noia
no CCC Aniversario do seu nascimento







Xoán X. Mariño

Felipe de Castro: Vida e obra

Oficialmente Felipe de Castro naceu o 10 de xullo de 1704 en Noia. Así o manifesta o académico Felipe García de Samaniego, que o coñeceu en vida¹. Sen embargo, Antonio Ponz, secretario da R. Academia de Belas Artes desde 1776, que tivo amizade con el, manifesta que a súa data de nacemento foi sete anos máis tarde². Na opinión de Otero Túñez, a máis crible de ambas datas é a primeira³ porque é máis probable que cando Felipe de Castro se traslade a Portugal en 1724 para traballar teña entón 20 anos e non 13, como resultaría de darmos creto a Ponz.

No seu testamento di ser fillo lexítimo e de lexítimo matrimonio entre Alberto de Agrafoxo y Castro e Beatriz de Soto⁴, ambos naturais e veciños de Sta. María de Roo, pero en realidade o seu pai era crego, circunstancia que enche dun espeso manto de néboa tódolos anos de xuventude do noso artista, de xeito que ata se instalar en Sevilla, en 1726, el mesmo envolve no misterio tódolos acontecementos anteriores a aquela data⁵, sendo algunhas das incógnitas por esclarecer o ano do seu nacemento, o lugar e o nome co que foi bautizado ou os seus estudos, que deberon ser amplos, a xulgar polo gran coñecemento de leis do que fará gala cando participe na redacción dos estatutos da Real Academia de Belas Artes e pola importantísima biblioteca que chegou a reunir, legada á súa morte á Universidade de Santiago⁶.

O seu avó, Martín de Agrafoxo, era tallista na Pontefonso⁷ e con el debeu aprender os rudimentos da escultura, que máis tarde, cara a 1720, ampliou co tamén noiés Diego de Sande en Santiago⁸.

Posteriormente, segundo el mesmo manifestou a Ceán Bermúdez⁹ pasou a traballar co artista compostelán Miguel de Romay, quen por entón xa gozaba de grande sona e era colaborador de Fernando de Casas e Simón Rodríguez, dous dos maiores arquitectos galegos de tódalas épocas, na construción dos máis impresionantes retábulos do s. XVIII en Galicia.

Couselo Bouzas atribúelle a Felipe de Castro a **Asunción** de Sta. María de Isorna¹⁰, en Rianxo (foto 1), un conxunto duns 80 cms. de alto da cal non se conserva documentación e que representa á Virxe, rodeada dun grupiño de anxos, subindo ó ceo, reproducindo o

- 1 "Eloxio de Don Felipe de Castro, escultor de cámara de S.M. que en la Junta de la Academia de S. Fernando dixo el Sr. D. Felipe García de Samaniego". Citado por CLAUDE BÉDAT en *El escultor Felipe de Castro*. Santiago, Cuadernos de Estudios Gallegos, Anejo XX, 1971.
- 2 ANTONIO PONZ. *Viaje por España*. Madrid, 1772-94. E así o vai recoller tamén despois JUAN A. CEÁN BERMÚDEZ no seu *Diccionario Histórico de los más Ilustres Profesores de las Bellas Artes*. Madrid, 1800.
- 3 RAMÓN OTERO TÚÑEZ. *El final del barroco y la entronización de los Borbones*. Historia del Arte Hispánico, Tomo IV. Editorial Alhambra. Madrid, 1980. Páx. 221.
- 4 *Testamento de D. Felipe de Castro outorgado diante de Simón de Rozas y Negrete o 17 de agosto de 1775*. Arquivo de protocolos de Madrid. Legaxo 19750, Fol. 347. Hai unha copia notarial do mesmo ano na Casa da Cultura de Noia.
- 5 XOÁN XOSÉ MARIÑO REINO. *En torno ás orixes de Felipe de Castro*. Revista Alameda, nº 11. Ed. Sociedade Liceo de Noia. Marzo 2003.
- 6 C. BÉDAT. *La bibliotheque du sculpteur Felipe de Castro*. Mélanges de la Casa de Velázquez, tomo V. 1969.
- 7 X. X. MARIÑO REINO. Ob. Cit., páx. 44.
- 8 XOÁN X. MARIÑO REINO. *Diego de Sande*. Revista Alameda, nº 15. Ed. Sociedade Liceo de Noia. Xuño 2004.
- 9 JUAN AGUSTÍN CEÁN BERMÚDEZ. Ob. Cit., páx. 295.
- 10 JOSÉ COUSELO BOUZAS. *Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX*. Santiago, 1933. Páx. 253.





1. ASUNCIÓN. STA. MARÍA DE ISORNA (RIANXO). Foto: Xoán X. Mariño



2. ASUNCIÓN. STA. MARÍA DE CALDAS (PONTEVEDRA)

esquema utilizado por Sande no retábulo da igrexa da Compañía de Santiago¹¹. Asegura tamén Couselo que é da súa autoría a **Asunción** de Sta. María de Caldas (foto 2), unha escultura de talla correcta, pero que polos seus perfís



3. S. LEANDRO. IGREXA DO SALVADOR. SEVILLA.
(Foto: Julio Muñoz)



4. S. ISIDORO. IGREXA DO SALVADOR. SEVILLA.
(Foto: Julio Muñoz)

esvaídos, propios da arte rococó dominante en Santiago durante o s. XVIII debe corresponder, ó igual cá anterior, á actividade dos seus anos de xuventude.

En 1724, seguindo o relato de Ceán, marchou a Lisboa para adquirir maior experiencia, pero na capital portuguesa ficou pouco tempo, porque ano e medio despois aparece en Sevilla traballando con Pedro Duque Cornejo. Por medio deste coñeceu a Jean Ranc, pintor do rei Felipe V, quen chegou en 1729 á cidade para residir nela durante uns anos. Ranc, á súa vez, presentoulle a Renato Fremín, primeiro escultor do monarca, o cal, tras examinar as imaxes de **S. Leandro** (foto 3) e **S. Isidoro** (foto 4) que Castro realizou para a igrexa de San Salvador en 1732 e advertir nelas boa calidade, pero susceptible de acadar maior perfección, recomendoulle ir a Roma para estudar cos mellores mestres, proposición feita tamén polo pintor portugués Francisco Vieira, que ese mesmo ano volvía de alí e lle transmitiu a súa admiración polo gran número de esculturas e pinturas dos máis insignes mestres de tódalas épocas que naquel lugar se podían contemplar, animándoo a viaxar a Roma para completar a súa formación¹².

Convencido xa o noso artista, ó ano seguinte, con cartas de recomendación do propio Vieira e de Andrés Proccacini, pintor da raíña Isabel de Farnesio, embarcou para a Cidade Eterna. Ditas misivas abríronlle a Felipe de Castro as portas do taller de Giuseppe Rusconi, fillo do célebre Camilo Rusconi, con quen aprendeu a tallar o mármore. En 1737, ano no que aquel morreu, pasou a traballar con Filippo della Valle, a figura máis destacada

11 X. X. MARIÑO REINO. Art. cit. Páxs. 58-60.

12 J.A. CEÁN BERMÚDEZ. Ob. Cit., páx. 295.

do barroco dezaoitescio italiano, autor das monumentais estatuas de S. Xoán de Letrán. Aínda que, sendo discípulo deste, pasaba algunhas penalidades que o obrigaban tamén a pintar cadros por encargo.

As súas privacións finalizaron en 1739, cando un español residente en Roma, D. Andrés de la Peña, o acoilleu baixo a súa protección, concedéndolle unha pensión mensual que lle permitiu dedicarse de novo á escultura, agora na Academia de San Lucas de Roma. Ese mesmo ano iniciou os seus estudos nesta Academia acabounos ó ano seguinte coa consecución do Primeiro premio de escultura, éxito que chamou a atención do embaixador plenipotenciario de Felipe V na cidade, o cardeal Troiano Aquaviva, quen intercede ante o monarca e consegue que lle outorgue unha bolsa de 500 ducados anuais.

En 1740 comezou a colaborar con Giovanni Maini, o outro gran escultor rococó italiano, e a relacionarse con tódolos artistas da época que se encontraban en Roma, entre eles o xove pintor Antón Rafael Mengs, establecido desde 1741 no Vaticano para estudar as obras da Antigüidade, e con quen trabou unha amizade que se prolongaría anos máis tarde en Madrid. Animado por Mengs e seguramente tamén polo círculo de Ilustrados Romanos, que lle contaxiaron a súa admiración polas manifestacións artísticas grecorromanas, debeu viaxar a Nápoles, onde se estaban levando a cabo as primeiras escavacións en Herculano e Pompeia impulsadas polo novo soberano Borbón. Alí fixo un retrato en xeso, actualmente en paradeiro descoñecido¹³, do futuro **Carlos III**, entón rei de Nápoles e Sicilia e un dos máis paradigmáticos representantes do Despotismo Ilustrado europeo.

A continuación, tras esculpir dous aclamados **anxos** para a igrexa de S. Apolinar de Roma, tallou un **S. Xosé** que enviou ó convento do Carme de Padrón, imaxe de tamaño maior có natural que se perdeu nun incendio a principios do s. XX, pero do cal Couselo Bouzas conseguiu unha fotografía, publicada uns anos máis tarde (foto 5)¹⁴, que dá idea da seguridade na evocación clasicista coa que o noso artista xa se manexa. Otero Túñez pensa que, canda a imaxe do patriarca, Castro puido mandar tamén a espléndida **Virxe do Carme** que se conserva na igrexa do mesmo convento padronés¹⁵.

Pouco despois, a Academia dos Árcades de Roma, dedicada ós estudos literarios, elixiuno membro co nome de “*Galecio Libádico*”, título que revela ó artista culto e dotado de talento para a poesía. Máis tarde, xa en 1746, a de San Lucas nomeouno Académico de Mérito, honra que, como proba do recoñecemento de que gozaba en Italia, tamén lle concedería ese mesmo ano a Acade-



5. S. XOSÉ. CONVENTO DO CARME. PADRÓN. (Foto: J. Couselo)

mia de Deseño de Florencia, onde quixo permanecer durante algún tempo antes de volver a España tras ser reclamada a súa presenza na Corte por Felipe V, uns meses antes de morrer este, para intervir na inmediata realización dos traballos escultóricos para o novo Pazo Real de Madrid que estaba construíndo o arquitecto Xoán B. Sachetti.

Cando Felipe de Castro chegou a España, a principios de 1747, xa fora entronizado o seu sucesor Fernando VI, quen, coñecedor da sona do artista, lle encargou un retrato, xunto con outro da raíña, que se atopan actualmente na R. Academia de Belas Artes. Realizados

13 M^a LUISA TÁRRAGA BALDÓ. *Dos nuevos bustos del escultor Felipe de Castro, desconocidos*. Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología, vol. XLVI. Universidade de Valladolid. 1980. páx. 479.

14 J. COUSELO BOUZAS. Ob. Cit., apéndice.

15 R. OTERO TÚÑEZ. Ob. Cit. Páx. 219.



6. FERNANDO VI. MUSEO DA REAL ACADEMIA DE BELAS ARTES DE S. FERNANDO. MADRID.



7. Dª BÁRBARA DE BRAGANZA. MUSEO DA REAL ACADEMIA DE BELAS ARTES DE S. FERNANDO. MADRID.

ambos en escaiola, son de medio busto, conforme o modelo dos retratos romanos; o mellor deles, sen dúbida, polo seu refinamento, é o de **Fernando VI** (foto 6), moi idealizado, coa coroa de loureiro sobre a súa cabeza, representado como un Apolo protector das Artes e das Letras; en cambio, o de dona **Bárbara de Braganza** (foto 7), máis natu-

ralista, fai perceptible esa morbidez no tratamento das superficies do rostro que só puideron acadar aqueles que estudaron a estatuaría clásica en Roma. Constitúen, polo tanto, o inicio da renovación da escultura, o sinal do tránsito, intuitivamente realizado, cara ó neoclasicismo, un estilo que aínda estaba por definir en Europa, pois os postulados teóricos de Winckelmann que propoñían a beleza e harmonía das manifestacións artísticas da Antigüidade como suprema norma estética aínda estaban por chegar. Por outra parte, o novo monarca quedou tan satisfeito do resultado, polo seu virtuosismo técnico, que nomeou ó noíes escultor de cámara.

Ese mesmo ano o rei tamén o designou codirector da magna empresa escultórica do Pazo Real, xunto co italiano Xoán D. Olivieri, a quen inicialmente se lle encomendaran os traballos, antes de que o proxecto meramente decorativo de Sachetti, fose substituído polo programa do Padre Sarmiento, máis complexo e de carácter simbólico e histórico¹⁶, baseado nos grandes personaxes da monarquía española, á que se pretendía exaltar.

A serie, que comezou a executarse en 1749, compoñíase de 94 estatuas de monarcas dos diversos reinos peninsulares, incluíndo Portugal, catro emperadores romanos de orixe hispana, dous americanos –Atahualpa e Moctezuma–, Santiago e San Millán, patróns de España, e diversos elementos alegóricos: un león, o sol e a lúa e unha matroa romana con atributos guerreiros acompañada do deus Plutón para simbolizar o poderío militar e a riqueza da monarquía hispánica; pero o máis significativo da mesma non é que se convertese no conxunto escultórico de financiación pública máis ambicioso da arte hispánica polo que se refire a ornamentación programática con fins políticos, senón que tamén se convertiu no proxecto decorativo con fins didácticos máis importante ata aquel momento, pois ó ir destinado ó exterior do pazo, con el, en palabras do propio Sarmiento, ‘*o pobo aprendería a Historia de España*’¹⁷, dando tamén o beneditino tódalas indicacións referidas á indumentaria e ós atributos dos personaxes¹⁸.

16 M^a. CONCEPCIÓN GARCÍA GAÍNZA. *Escultura cortesana del siglo XVIII*. Cuadernos de Arte Español, nº 92. Madrid, 1991.

17 Fr. MARTÍN SARMIENTO. *Sistema de adornos de esculturas interiores y exteriores para el nuevo Real Palacio de Madrid*. Publicado por FRANCISCO J. SÁNCHEZ CANTÓN en “Opúsculos gallegos sobre Bellas Artes de los siglos XVII y XVIII”. Bibliófilos gallegos, III. Santiago, 1956. Páxs. 150-215.

18 ANDRÉS ÚBEDA DE LOS COBOS. *Artistas, ilustrados y el Padre Sarmiento. El Sistema de Adornos del Palacio Real de Madrid*. En “O Padre Sarmiento e o seu tempo”. Actas do Congreso. Tomo I. Ed. Consello da Cultura Galega e Universidade de Santiago. 1997. Páxs. 362-363.

Olivieri sería o director principal e Castro, compartindo a dirección, ademais de subministrar modelos ó grupo de artistas ó seu cargo, dos moitos chamados a colaborar na serie, encargaríase da xestión do proxecto, entre cuxas funcións estaba a de taxar cada unha das imaxes que haberían de tallar estes, cometido no que deu mostras da súa ecuanimidade, pois, a pesar do carácter altivo e iracundo do que moitos dos seus colegas o acusaban e polo que lle profesaban aberta antipatía, fixou a taxación dunha obra de Salvador Carmona na cantidade máis elevada de todas cantas se realizaron, malia ter este abandonado anteriormente o equipo que estaba ás ordes de Felipe de Castro, tras enemistarse con el, e marchado ó grupo de Olivieri¹⁹.

As estatuas haberían de colocarse fundamentalmente e por orde cronolóxica na balaustrada do pazo, dando volta ó edificio, agás catorce delas, destinadas ás esquinas do primeiro corpo, catro máis (as dos reis que iniciaron e finalizaron a obra, xunto coas respectivas esposas), destinadas ó remate da fachada principal, e, finalmente, en correspondencia cos anteriores, pero na parte baixa, os catro emperadores romanos que Sarmiento sinalara como orixinarios de Hispania.

A maioría delas foi levada a cabo por Xoán Pascual de Mena, Luis Salvador Carmona, Roberto Michel, Alexandre Carnicero, Manuel Álvarez e outros escultores baixo a supervisión de ambos directores, quen, sen embargo, se reservaron a realización de determinadas pezas, aquelas destinadas ós lugares máis visibles, correspondéndolle a Castro dar comezo á serie co rei visigodo *Ataúlfo*, ó que acompañaron, segundo Ceán

Bermúdez²⁰, *Walia* e *Turismundo*, intercalándose cos reis godos de Olivieiri, xunto coas efixies de *Fernando VI* e *Bárbara de Braganza*, no remate da fachada principal, seguíndolle, na transición do primeiro ó segundo corpo, as imaxes de *Enrique IV*, *Felipe II* e *Lois I* e, nos pilares da entrada, as dos emperadores *Traxano* e *Arcadio* (que por motivo descoñecido aparece en lugar de Adriano), facendo parella cos dous de Olivieri; tamén fixo Felipe de Castro dous *leóns* de mármore, un para a fachada principal e outro para a escalinata do interior, encarnación da maxestade real a quen se destina o pazo.

Tódalas estatuas que compoñen a que sería a mái grandiosa e espectacular colección de esculturas de carácter profano en España miden 2.8 m. de altura e están realizadas en pedra branca de Colmenar da mellor calidade, pero, á parte do seu desigual mérito, séguense movendo, sobre todo as do italiano e o seu grupo, dentro de presupostos barrocos. Só as de Felipe de Castro teñen a forza e a elegancia que distingue unha estatuaría de significación clásica, como se pode apreciar no retrato do emperador **Traxano** (foto 8), onde o coñecemento da estatuaría romana antiga se revela non só na vestimenta—coiraza, túnica curta e manto dos traxes militares romanos e a cabeza coroada de loureiro—senón tamén nos perfís máis nítidos e maiores contrastes de luces e sombras, propios do clasicismo, como tamén se pode distinguir no **Arcadio** (foto 9), fronte á indolencia e os efectos difuminados das obras de Olivieri. Contribuíu así de forma significativa á difusión do novo estilo entre os xoves escultores que chegados de todos os lugares da Península se reuniron para a obra do Pazo Real.



8. TRAXANO. PAZO REAL. MADRID.

(Foto: Francisco J. de la Plaza)



9. ARCADIO. PAZO REAL. MADRID.

(Foto: Francisco J. de la Plaza)

19 FRANCISCO J. DE LA PLAZA SANTIAGO. *Investigaciones sobre el Palacio Real Nuevo de Madrid*. Universidade de Valladolid, 1975.

20 J. A. CEÁN BERMÚDEZ. Ob. Cit., páx. 297.



10. BATALLA DO SALADO. MUSEO DA REAL ACADEMIA DE BELAS ARTES DE S. FERNANDO. MADRID.

Para o interior do pazo tamén se encargaron multitude de relevos, realizando Felipe de Castro varias esceas de carácter mitolóxico como os **Traballos de Hércules**, outros, como **nenos e xarróns**, puramente decorativos, uns **anxos** para a Capela Real e un tema histórico, a **Batalla do Salado** (foto 10), equilibrada composición de 64x91 cm. modelada en barro, na que se representa a victoria das tropas cristiás de Afonso XI sobre os sarracenos, que non se chegou a trasladar a mármore e logo pasou á R. Academia de Belas Artes²¹.

Sen embargo, en 1760, a penas concluído e instalado no seu lugar o conxunto e cando no interior aínda non se realizaran máis que os anxos e algúns dos relevos previstos para a galería principal, Carlos III, ó ano seguinte de subir ó trono, ordenou que tódalas esculturas fosen retiradas e repartidas polos xardíns do Retiro madrileño, así como polos de Toledo e Aranjuez e, xa no século seguinte, cedéronse a outros xardíns españois, ficando unicamente no Pazo Real os catro emperadores romanos, aínda que trasladados ó patio interior. Anos máis tarde, varias delas volveron ó pazo ou ós seus arredores, continuando espaxadas as demais e algunhas aínda sen identificar²².

Das oito que retornaron ó seu lugar de orixe só hai unha de Felipe de Castro, a raíña **Bárbara de Braganza**, devolta ó alto da fachada principal,



11. FERNANDO VI. S. FERNANDO DE HENARES. MADRID.

(Foto: Francisco J. de la Plaza)



12. FELIPE II. PAZO REAL. MADRID.



13. LOIS I. MUSEO DO EXÉRCITO. MADRID.

(Foto: Francisco J. de la Plaza)



14. ATAÚLFO. XARDÍNS DE VITORIA (ÁLAVA).

(Foto: M^a Concepción García)

mentres que **Fernando VI** (foto 11), que facía parella con aquela, foi parar a S. Fernando de Henares (Madrid) sufrindo bastantes danos no traslado, a pesar do cal conserva toda a fachenda do seu aceno altivo e a audacia compositiva coa que se dispuxeron as vestimentas. Nos Xardíns de Sabatini, xunto ó Pazo Real, está outra das mellores pezas, a estatua de **Felipe II** (foto 12), non só pola súa fisonomía clasicista, senón tamén polo retrato

21 LETICIA AZCUE BREA. *El museo de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando: La escultura y la Academia*. Ed. Universidade Complutense. Madrid, 1992. Páxs. 866-67.

22 F. J. DE LA PLAZA. Ob. Cit. Páxs. 209-212.

sicolóxico do retratado, pois no seu rostro é perceptible o xesto pensativo que deu sona a este monarca ata o punto de ser coñecido como “*o rei prudente*”. O xove e esvelto monarca **Lois I** (foto 13) hoxe áchase no patio do Museo do Exército e a última das localizadas, **Ataúlfo** (foto 14), na actualidade nos xardíns da Florida de Vitoria²³, destaca pola ruptura da frontalidade que lle imprime a notable torsión da cabeza ó tempo que lle confire unha gran elegancia, convertíndoa nun dos mellores exemplos de como se logra representar a nobreza na escultura. Sen identificar fican o rei godo **Turismundo** e a estatua de **Enrique IV**, en tanto que **Walia**, o último dos monarcas visigodos atribuídos ó noso artista, ou ben, como recolle Morales y Marín, é obra de Manuel Álvarez²⁴, ou ben non foi identificado correctamente, pois carece da calidade das anteriores.

Ó mesmo tempo que o nomeaba escultor real e codirector da decoración pacea, Fernando VI tamén designou a Felipe de Castro, en 1747, Director extraordinario de Escultura na Xunta Preparatoria da Academia de Belas Artes, para, a través dunha persoa da súa particular confianza (xa que o nomeamento, segundo Sánchez Cantón²⁵, se facía ‘*con absoluta exención e independencia de tódolos Xefes e Directores*’ e só subordinado ó Ministro de Estado) impulsar unha institución que, desde a súa creación, encomendada tres anos antes a Olivieri, viña funcionando de forma provisional, irregular e sen ningún control rexio.

En 1751 tramitáronse os estatutos da Academia, inspirados por Castro, nos que o poder de decisión pasou dos protectores e conselleiros ós profesores pola súa maioría nos órganos de goberno da mesma, tralo cal, o 12 de abril de 1752 se promulgou o decreto de constitución da Academia, co título de S. Fernando, en honra do rei, sendo designado Castro Director de Escultura e encargándosele, para o acto de apertura solemne, a presentación dun gran relevo de mármore, **A fundación da Academia**, no que Fernando VI, vestido como un maxistrado romano fai entrega dos estatutos ó primeiro protector da institución en presenza de diversos personaxes, entre os que se atopan Hércules, fundador da monarquía española, e dona Bárbara de Braganza, representada como Minerva, composición que, segundo os contemporáneos, daba testemuña da forza da súa inventiva, pero hoxe está en paradoiro descoñecido²⁶.

Nos anos seguintes Castro desenvolve un intenso labor intelectual, coa tradución en 1753 da obra do italiano Benedetto Varchi *Lección na Academia florentina sobre a primacía das artes*, e a escritura de varios tratados, como a *Relación de pinturas e esculturas de Madrid*,



15. D. JOSÉ DE CARBAJAL Y LÁNCASTER.
MUSEO DA REAL ACADEMIA DE BELAS ARTES
DE S. FERNANDO. MADRID.

que o coverten nun dos nosos primeiros teóricos da arte. Pero tamén desempeñou un persistente labor académico, tanto docente como organizativo. O exemplo máis significativo é a súa preocupación por que en 1757 se aprobasen os estatutos definitivos da institución, nos cales, a pesar de que a xestión e a toma de decisións volvía ós protectores nomeados polo rei, por iniciativa do noiés quedaba claro no articulado estatutario que o fin da Academia era o des-

23 Non é, polo tanto, segundo averiguou F. J. DE LA PLAZA (Ob. Cit. páx. 211) a figura que con tal nome se encontra na Praza de Oriente e que reproduce Bédar nos apéndices do seu libro *El escultor Felipe de Castro*, cit.

24 JOSÉ L. MORALES Y MARÍN. *Arte español del siglo XVIII*. Summa Artis. Historia General de Arte. Vol. XXVII. Ed. Espasa-Calpe. Madrid, 1984. Páx. 384.

25 FRANCISCO J. SÁNCHEZ CANTÓN. *Escultura y pintura del siglo XVIII*. Historia Universal del Arte Hispánico, volume XVII. Ed. Plus-Ultra. Madrid, 1965. Páxs. 143-150.

26 L. AZCUE BREA. Ob. cit., páxs. 1040-1048. Esta investigadora revela que a talla publicada por SÁNCHEZ CANTÓN (Ob. Cit., páx. 148) atribuíndolla ó noso artista, en realidade é de Francisco Gutiérrez.



16. D. ALFONSO CLEMENTE DE ARÓSTEGUI.
MUSEO DA REAL ACADEMIA DE BELAS
ARTES DE S. FERNANDO. MADRID.



17. D. JORGE JUAN Y SANTACILIA. R.
ACADEMIA DE LA HISTORIA. MADRID.

envolvemento e a promoción da Arte a favor de persoas sen orixe social predeterminada, evitando así que a Real Academia de San Fernando se convertise nunha institución elitista reservada para o estamento nobiliario, como pretendían os estatutos provisionais de dez anos antes.

Esta dedicación directiva non lle impediu continuar a actividade escultórica, centrada fundamentalmente na retratística, campo excepcional dentro da arte hispánica, no que domina de forma abrumadora a temática relixiosa. Salientan o nobre e vigoroso retrato de **D. José de Carbajal y Láncaster** (foto 15), ministro de Estado e primeiro protector da Academia entre 1752 e 1754, e o elegante busto de **Alfonso Clemente de Aróstegui** (foto 16), viceprotector da mesma, ambos na escaleira da Real Academia de Belas Artes, ós que seguiron o xenial e agudo retrato do mariño e científico **D. Jorge Juan y Santacilia**, (foto 17), talla de 78 cm. de altura, incluído o pedestal, na Real Academia da Historia²⁷, e o do Inquisidor Xeral **D. Francisco Pérez de Prado**, no Colexio dos Xesuítas de Teruel. En 1762, por encargo do monarca Carlos III, pasou ó mármore, traído expresamente de Carrara, os retratos de **Fernando VI** e **Bárbara de Braganza** feitos anos antes, con destino á fundación rexia das Salesas Reais de Madrid, sendo idéntico o resultado ós bustos da Academia, coa salvedade de que agora o xeneroso escote da raíña é cuberto cunha delicada blusa con puntillas (foto 18), por ir destinada a efíxie á clausura do convento²⁸.

Outras obras realizadas na capital de España foron dous **anxos** para o convento da Encarnación e os **nenos** das verxas do Retiro, nos que o zumegar táctil dos nus infantís, a pesar do material marmóreo en que están realizadas, acadan un dos cumes máis gráciles e ledos da escultura dezaoitesca.

En 1763 foi elevado por Carlos III ó posto máis relevante de Director Xeral da Real Academia. Desde este cargo, no que se mantivo ata 1766, promoveu un novo plano de estudos marcadamente racionalista, introducindo algunhas ensinanzas de carácter teórico que consideraba básicas, como a Xeometría, a Perspectiva e a Anatomía, para dar ós artistas unha formación altamente intelectualizada e, en colaboración con Mengs, nomeado Director Honorario de Pintura, ambos imprimiron unha nova e definitiva orientación clasicista á Academia, como pedra angular da España ilustrada. Dous anos despois,

27 Foto e medición que debemos á amable xestión de D. Santiago Sáenz, membro do secretariado da mesma.

28 M^a LUISA TÁRRAGA BALDÓ. Ob. cit. páxs. 475-484.



18. BÁRBARA DE BRAGANZA. SALESAS REAIS, MADRID. DETALLE.
(Foto: M^a Luisa Tárraga)



20. FONTE DO PAZO DE BOADILLA (MADRID). ACTUALMENTE NOS
XARDÍNS DO CAMPO DO MOURO DO PAZO REAL.

como recoñecemento da súa valía, a Academia de S. Carlos de Valencia distinguíuno como académico de mérito.

Nos seus últimos anos, completando o seu perfil de activa personalidade ilustrada, participou, en 1774, na fundación da Real Sociedade Económica Matritense de Amigos do País²⁹, da que saíron os principais proxectos que alumearon os planos reformistas para a agricultura, o comercio, a industria e as finanzas na época de Carlos III.

Por último, poñendo fin á súa actividade artística, pasou a pedra o molde do retrato do **Padre Sarmiento** (foto 19), feito nos anos 60³⁰, e no pazo de Boadilla del Monte (Madrid), tallou dous **nenos** para a capela e comenzou a chamada **Fonte das Cunchas** (foto 20), trasladada, segundo a información que amablemente nos proporcionou Paloma Olmedo, ós Xardíns do Campo do Mouro do Pazo Real de Madrid en 1845³¹. Esta escritora descríbena así: “*Está labrada en mármore branco e posúe un pilón circular en cuxo interior hai tres tritóns nenos, con cadansúa cuncha nas mans. No corpo central téñ unha segunda taza soportada por tres tritóns anciáns, de entre cuxas colas xorden surtidores con forma de delfíns que verquen as súas augas a outras cunchas. O corpo superior está formado por tres ninfas unidas que sopor-*



19. PAI SARMIENTO. MUSEO DA REAL
ACADEMIA DE BELAS ARTES DE S. FERNANDO.
MADRID.

tan unha terceira taza que recolle as augas do remate final da fonte que representa un neno abrazado a un delfín de cuxa boca brota un surtidor”³². Sen embargo, durante os traballos de realización sorprendeuno a morte, de maneira que as esculturas iniciadas por Castro deberon, asimesmo, ser levadas a termo por Álvarez, mentres que Michel fixo o propio cos inconclusos **anxos** dos altares da igrexa de S. Marcos de Madrid.

Á súa morte, o 25 de agosto de 1775, ademais de deixar unha importante suma de diñeiro para que fose fundada unha escola de gramática e primeiras letras na súa Noia natal, tamén legou á Universidade de Santiago a fabulosa biblioteca que reunira ó longo da súa vida. Biblioteca pola que pleiteou a propia Academia ata conseguir unha parte, pois segundo o seu secretario era a máis importante colección de libros de arte de España.

29 C. BÉDAT. Ob. cit., páx. 11.

30 L. AZCUE BREA. Ob. cit., páxs. 871-874.

31 PALOMA OLMEDO DEL ROSAL. *El palacio de Boadilla del Monte: un rincón de la Historia*. Madrid, 2002.

32 *Idem*. En español no orixinal.

Os xardíns de Felipe de Castro

De cando o campo se fixo cidade

As fotografías que ilustran este traballo proceden do arquivo particular de SUSO XOGAINA



Pedro García Vidal

DA AGRA DAS VIÑAS AO CAMPO DE SAN FRANCISCO

Na medieval Noia recollida trala envolvente muralla pétrea que a abrazaba por completo, o espazo extra muros cara ao norte constituía un amplo conxunto de terras de labranza e de bosque. A escaseza de terras cultivables no interior do núcleo cercado – unicamente unhas pequenas extensións nas traseiras das vivendas coñecidas como “cortiñas” – facía necesario dispor de terras na periferia. Nelas traballaban as xentes do burgo murado, preferentemente mulleres, na procura de produtos de horta. Ao mesmo tempo, os espazos de bosque fornecían de madeira e de “cama” para o gando.

Esta franxa de terras con impreciso linde no leste, que tiñan o mar como fronteira polo oeste e que se prolongaban cara ao norte máis alá da actual Axudantía de Mariña, eran o corazón verde da vila de Noia. O vasto espazo, era desde antigo, en parte bosque, en parte horta e en parte terreo ermo. As terras máis próximas, en contacto mesmo coas pedras da muralla, eran dedicadas a labranza –hortas e viñas– e son nomeadas nos documentos medievais como *Agra das Viñas*, na que traballaban as xentes do recinto murado e dun pequeno burgo extra muros que xurdira ao seu carón –o burgo do *Ribeiro Grande*, entre a Agra das Viñas e o mar–. A comunicación entre a vila

murada e estas terras realizábase a través de dúas portas que se abrían na muralla, a máis importante das cales era a Porta do Espolón, tamén coñecida como Porta Nova de Mazacánabos ou Borbandeira (actual entrada a Montero Ríos).

Este lugar vai sufrir un importante impacto coa chegada no ano 1522 dos monxes franciscanos. Procedentes do lugar de Sueiro, na parroquia de Santa María de Argalo, onde estaban instalados desde 1356, a súa chegada supuxo importantes cambios nestes terreos extra muros da vila. A Agra das Viñas vai ver como xorde no seu cerne o edificio relixioso coñecido como convento de San Francisco. Os frades levantan o templo grazas ás achegas de Don Suero Gómez de Sotomaior e Dona Xoana Ximonde, así como outros nobres da vila. Da escritura do contrato entre os frades e os Alcaldes e Rexedores, sacamos a idea de como a principal preocupación das autoridades municipais se centra en preservar dereitos que se poderían ver alterados coa privatización das terras. En primeiro lugar, téntase protexer o dereito da vila á libre circulación da auga. A auga que viña con destino ao núcleo noiés, procedente da Devesa do Rei, onde nacía, atravesaba esta Agra das Viñas por medio dunha canle en pedra ata a ermida da Angustia. A vital importancia deste elemento para os habitantes do núcleo





amurallado fai que no contrato se aclare que os brazos do mosteiro non poidan chegar ata ditos canos. Outro punto importante é o que se refire ás persoas da vila que teñen alí as súas leiras e outras herdades. Aclárase que as persoas propietarias poidan seguir labrándoas ou facendo con elas o que libremente decidan “*salvo si se las comprasen o dotaren y no de otra manera*”. Igualmente, aclárase que tampouco poden tomarse nin pecharse os camiños de servidume para as súas “*viñas y huertas*”.

Descoñecemos o proceso de como estas terras, denominadas a partires da chegada dos franciscanos como “*Campo de San Francisco*”, pasan logo a poder municipal. Pénsase que nun primeiro momento os monxes foron facéndose paseniñamente coas mesmas ata lograr o control de practicamente todas elas. Posteriormente, a desamortización puido ser o motivo de que rematase en poder do Concello; porén carécese de base documental para afirmalo de xeito categórico. O que si sabemos é que por Real Orde do 25 de xullo de 1835 pechábanse todos os conventos e casas relixiosas e polos decretos de 19 de febreiro, 5 e 9 de marzo de 1836 o Estado apoderábase dos conventos e dos seus bens. En Noia, estas leis desamortizadoras, supuxeron que os 21 compoñentes da comunidade foran exclaustrados e parte das dependencias do convento dedicáronse a cárcere do partido xudicial. Posteriormente, durante o mandato de Manuel Blanco Ons (1949-1954) vai procederse á instalación neste lugar da Casa do Concello. As protestas dos franciscanos –que volveran de novo a ocupar o convento no ano 1914–, incluso nos tribunais, resultaron inútiles.

O NACEMENTO DA ALAMEDA. O CAMPO FAISE CIDADE

Durante o século XIX, vida a menos a fundación franciscana, o Campo de San Francisco perde moito do seu sentido como horta dos frades, pero segue sendo lugar elixido para a celebración de feiras e mercados así como outras actividades. Naquel tempo a súa densa arboreda produce incluso medo para quen ten que atravesala no solpor. Será neste momento cando o Concello de Noia tome moito interese polo Campo, pretendendo facer del, sen perder o engado de vello bosque, un parque como o de outras cidades españolas e europeas.

Se ata o século XVIII os xardíns eran, de feito, paraísos privados, construídos pola realeza ou a aristocracia e, máis tarde, a burguesía, para o seu uso particular, durante o século XIX o xardín faise presente de xeito destacado na cidade, e accesible ao público, como espazo aberto a todos; como parque municipal. Agora o parque ou xardín xa non só vai ser para gozo do soberano ou dos propios nobres, senón de carácter público, e serve ao ocio, á relación social e á exhibición da burguesía e das



clases medias urbanas. O costume social do paseo e a necesidade de crear estes espazos introduciría o deseño dos mesmos no planeamento urbano. A súa presenza converteuse nunha constante en todos os programas de reforma urbanística. E, ademais, o deseño dos xardíns converterase nun aspecto esencial do deseño urbano e incluso nun modelo para o mesmo.

Elementos de singular carácter dentro da cidade e cunha contribución notable na mellora da calidade do espazo urbano foron os paseos arborados, as alamedas e os “salóns” axardinados. A mediados e finais do XIX case todas as cidades e pobos importantes van contar con algún destes elementos. A variedade de tipos é grande: desde simples camiños flanqueados por árbores, formacións paralelas de varias “rúas” separados ou non por sebes, ata explanadas axardinadas con fontes, parterres, bancos, balaustradas, estatuas e ata verxas e portadas de acceso. Polo xeral carecen de pavimentación e aparecen nos bordos da cidade.

Coa instauración do réxime liberal, a organización dos novos concellos e o aumento de poder da burguesía, os concellos preocupáanse da construción destes equipamentos públicos. En España a partires da década de 1830 estas obras municipais aumentan de forma clara. A falta de espazo no interior das cidades facía difícil situar estes paseos arborados no seu interior. Por iso frecuentemente se localizaban nas aforas do recinto amurallado. Case sempre bordeando as murallas, especialmente a partires das portas principais. Tamén se trazaron prazas ou xardíns sobre conventos ou sobre hortas de antigos conventos.

Para comprender mellor a chegada a Noia destas preocupacións por dotar ás entidades urbanas de novos equipamentos públicos, debemos ter presente as profundas transformacións da vila de Noia durante os anos finais do século

XIX e primeiros do XX como consecuencia dun forte crecemento e o impacto da industrialización. De especial importancia foron os debates hixienistas na evolución das ideas urbanísticas, coa difusión de nocións sobre a necesidade de aireación e sol nas vivendas. Estes debates levaron asemade á demanda de máis espazo libre na cidade e á necesidade de dispor de espazos verdes onde poder gozar do aire libre e do sol. Como sinala Horacio Capel: “*o urbanismo da segunda metade do XIX estivo dominado polos problemas da expansión e a ordenación do crecemento das cidades, polo impacto dos debates sobre o hixienismo e pola reforma interior dos vellos cascos urbanos, os tres profundamente imbricados*”.

Baixo estes presupostos, en Noia a partires dos anos corenta do século XIX as autoridades pensan en darlle un novo uso ao Campo de San Francisco. Pénsase agora en converter este lugar nun espazo público onde poder gozar do aire libre e do sol. Nun primeiro momento xorde a idea de realizar un parque urbano que ao mesmo tempo servira como plantío de árbores con vistas a repoboar outras zonas da vila. A realización de plantíos usados como parques urbanos é unha tendencia que aparece claramente a fins do século XVIII. Conseguiase con isto unha dobre utilidade de repoboación forestal e creación de espazo verde urbano. Conciliar a utilidade coa fermo-





sura fixo que no Campo de San Francisco se plantase unha grande cantidade de árbores ao longo dos anos 1850, 60 e 70, que logo as súas varas se empregaron a repoboar outras zonas do Concello, como por exemplo: a saída cara a Santiago, a rúa da Carreiriña, ou no Campo das Rodas. O nome de *Alameda* xorde agora como o máis propio, xa que lle vén das árbores que alí se plantaron –preferentemente álamos– para facer o bulevar, para pasear, cos camiños ou paseos delimitados por fieiras de árbores. O Campo faise cidade, civilízase, domesticase, para converterse en parque; mentres que nos seus lindes a pedra e o asfalto van logo fértil para delimitalo. O paseo mudou varias veces de aspecto, porén, nunca perdeu o atractivo de lugar soleado e frondoso parque, que o singulariza.

1880. A DIVISIÓN DA ALAMEDA EN TRES ESPAZOS DIFERENTES

En sesión celebrada o 22-5-1880, a Corporación municipal resolve que “*Dado el estado lamentable del parque de San Francisco, parque público de esta villa, se acuerda hacer diversas modificaciones que embellezcan su aspecto*”. Dentro destas modificacións proxéctase a división da Alameda en varios espazos diferenciados: un lugar destinado a feiras e mercados, un lugar para o paseo, e un lugar para o solaz e deleite da natureza, que co tempo orixinarán os lugares do Campo da Feira, Alameda e xardíns de Felipe de Castro.

Semella que a distinción entre o espazo plenamente ordenado, e outro que supón unha especie de xardín-bosque, onde a actuación do home é máis reducida, é unha contraposición buscada. No primeiro caso predomina a natureza ordenada; a man do home exerce o seu dominio sobre a natureza. A combinación de arquitectura e espazo dá lugar aos Xardíns de Felipe de Castro. Así créase o modelo de xardín á francesa, onde a natureza está totalmente sometida á vontade do home; imponse a xeometría e o deseño fronte á natureza. No caso contrario – Campo da Feira e Alameda – é a natureza máis agreste e libre a que aparece representada.

Un instrumento esencial para o trazado definitivo que van adquirir todos estes terreos vai ter lugar nos anos 1881 e 1882, cando as autoridades ven a necesidade de realizar un Plano de aliñacións da zona con obxecto de “*conceder a los vecinos que lo soliciten al hacer la reforma en las fachadas de las casas que existen o las de nueva creación, la línea que les corresponda*”. En

NOYA.—Detalle de los Jardines.



sesión do 8-10-1881 *“Por el Sr. Presidente se dio cuenta del proyecto de alineación del Campo de San Francisco, Puerta de la Villa y Riveiro Grande que por encargo de la Corporación ha hecho D. Manuel Carballido director de caminos vecinales de esta circunscripción. Y el Ayuntamiento despues de haberse informado detenidamente del plano acuerda antes de prestarle su aprobación que se exponga al público en la secretaría de este ayuntamiento por el término de 20 días, a fin de que los propietarios colindantes presenten las reclamaciones que convengan a su derecho advirtiend que el proyecto de que se trata en lo que se refiere a las expropiaciones no será de inmediata ejecución sino que habrá de llevarse a efecto, según la situación económica del municipio, mientras que lo que respecta a los sobrantes de terreno que resulten se llevará a cabo su enajenación tan pronto se termine el curso del expediente”*.

Neste Plano de aliñacións vai quedar perfectamente definido o espazo dedicado a Xardíns, Alameda e Campo da

Feira. Posteriormente, o trazado da estrada a Muros vai definitivamente individualizar de xeito claro O Campo da Feira da Alameda propiamente dita.

O MONUMENTO A FELIPE DE CASTRO COMO ELEMENTO SOBRANCEIRO DOS NOVOS XARDÍNS

Unha vez creados xardíns e parques, de seguido comezan a instalarse neles elementos que logo serían denominados “mobiliario urbano”: bancos de diferentes tipos, chafarices, fontes, estanques, palcos e, por suposto, esculturas, os monumentos que constituían sempre unha parte importante dos parques e alamedas. Personaxes históricos vinculados á cidade ocupaban espazos, en efíxie xeralmente de bronce escuro, sobre pedestais e acompañamentos de pedra, coa intención de recordar a persoas ilustres. Achegar a identidade histórica da cidade a todos os que nela habitaban para deste xeito fomentar as identidades colectivas. Noia non vai ser allea a esta moda.

Foi idea do deputado en Cortes por este distrito D. Antonio Romero Ortiz, *“feliz idea iniciada en el año de mil ochocientos setenta y nueve en los Salones del Recreo Artístico Industrial de esta Villa”*, segundo palabras do alcalde de Noia D. Ramón Ronquete Rodríguez no discurso de inauguración, levantar un monumento á memoria dun dos fillos máis ilustres desta vila, como era o escultor Felipe de Castro. Se nun principio se pensou en realizar unicamente unha columna conmemorativa en

cuxo fuste figurase esculpido o nome do xenial escultor, a iniciativa do referido Romero Ortiz, e como premio á constancia dos seus representados que o levaban elixindo deputado durante case trinta anos, o monumento en pedra coroárase cun busto fundido en bronce do insigne escultor que el mesmo legaría á vila de Noia “*como perdurable recuerdo de su amor al país*”.

O 5 de agosto de 1880 colócase a primeira pedra do monumento ao escultor Felipe de Castro. Cerimonia relevante, cóntanos Eduardo Ces nos seus *Refachos de Historia* (1992), bendicida polo párroco D. José López Freire, con asistencia das autoridades locais e provinciais, destacando a presenza física do entón deputado Romero Ortiz. Esta simbólica primeira pedra descoñecemos exactamente o lugar onde foi instalada. O que si deducimos pola documentación consultada é que non debeu ser onde logo se ergueu definitivamente o monumento, pois non será ata a sesión de 1 de setembro de 1880 cando a “Comisión encargada de achegar recursos para levantar o monumento” propuxo á Corporación que o punto destinado para colocalo “*sea el destinado a los nuevos jardines que dicen al frontis de la Alameda del campo de San Francisco*”. Por unanimidade a Corporación acepta o sitio reclamado.

O poema composto e lido publicamente polo médico Jesús María Rodríguez Vázquez, pai do ilustre Alejandro Rodríguez Cadarso e alcalde da vila en dous mandatos (1895 e 1897), resume un pouco ese ideal de gabanza apaixonada do propio. Baixo o epígrafe de “*Composición leída en el acto de colocación de la primera piedra al monumento que en la Villa de Noya se erije a este insigne escultor nacido en ella*”, o poema consta de dez oitavas reais e nelas faise un acendido canto á terra, como se pon de manifesto nesta última estrofa que pode valer de exemplo:

“¡Despertemos por siempre!... A nuestras manos
Que deba nuestra tierra la victoria,
Que no haya nunca aquí más soberanos
Que Patria y Libertad llenas de gloria!
Los hijos de Galicia como hermanos
Ensalcemos los hechos de su historia
Arrancando a las arte y a la ciencia
El soberbio pendón de independencia!!”

Por encargo do deputado D. Antonio Romero Ortiz, o busto foi realizado polo escultor Sanmartín e a súa fundición tivo lugar en Valencia nos talleres de D. Vicente Ríos. As súas características máis salientables son: mide un metro 30 centímetros de alto por 85 centímetros de ancho; a cabeza mide 76 centímetros de largo por 80 de



ancho. Na parte interior do lado dereito lese “*Modelado por Sanmartín*”, e na do esquerdo “*Fundido por Vicente Ríos*”. No respaldo leva a seguinte inscrición “*Dedicado al pueblo de Noya por el excelentísimo Sr. D. Antonio Romero Ortiz en 1884*”.

Diversas circunstancias que non veñen ao caso van retrasar a instalación definitiva do monumento, que non vai ter lugar ata o 25 agosto de 1884. Nesa data, sendo alcalde D. Ramón Ronquete Rodríguez, e segundo consta na “*Acta de entrega del busto en bronce de Felipe de Castro a la municipalidad de la villa de Noya*” que se atopa nos Arquivos Municipais, “*los señores individuos del Ayuntamiento, Comisión ejecutiva para allegar recursos con el objecto de erijir un monumento a D. Felipe de Castro, Comisiones de los Ayuntamientos de Lousame y Riveira, Sociedades del Círculo de Recreación, Reunión Artística y de Socorros Mutuos, autoridades y representantes de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*” xunto coa prensa da provincia e de varias persoas invitadas ao efecto vai ter lugar un solemne acto.



Falecido D. Antonio Romero Ortiz uns meses antes da inauguración do monumento – o 18 de xaneiro de 1884–, e sendo esta persoa a promotora da idea e quen legara o busto en bronce á vila, toda a cerimonia estivo marcada por este suceso. Logo dunha misa solemne celebrada na igrexa parroquial de san Martiño pola alma do referido Romero Ortiz, a comitiva *“acompañada del clero y cruz parroquial se dirigieron en procesión a los jardines de Felipe de Castro, en donde se dio principio a tan memorable acontecimiento, entonando el clero un responso en sufragio del alma del célebre e insigne artista hijo de esta villa, elevando otro seguidamente por el eterno descanso del Exmo. Sr. D. Antonio Romero Ortiz”*. A continuación o secretario da Corporación deu lectura a unha comunicación do señor D. Juan Ruiz, sobriño político de Romero Ortiz, no que se sinala o feito de facer *“pública y solemne entrega del mencionado busto por encargo expreso del que quiso legarles con el un recuerdo de su paternal cariño”* así como felicitar á Corporación e aos membros da Comisión Executiva, *“pues en la erección de ese monumento han realizado una de las mas nobles y bellas ideas de su antiguo representante; idea sucintamente expuesta en uno de sus últimos discursos por medio de estas o parecidas palabras: «Los pueblos que no honran la memoria de aquellos de sus antepasados que les han enaltecido, se parecen a los hijos que no honran la memoria de sus padres»”*.

O seguinte en tomar a palabra foi o alcalde da vila, D. Ramón Ronquete Rodríguez, quen realiza un acendido eloxio da persoa de Romero Ortiz, recalcando que *“a este hombre, pues, debemos hoy la honra de que se levante sobre el suelo de esta noble y leal villa, la efigie de una de sus glorias más puras”*.



Terminada a lectura, o señor alcalde ordenou que se levantara a gasa que cubría o busto do escultor e invitou a facer uso da palabra aos seus convidados, o cal foi aceptado polos señores D. Francisco Romero Blanco, *“que dio lectura a un poema gallego original de D. Agapito Vilas, dedicado al insigne artista Felipe de Castro”*, e D. Pedro Pais Lapido, deputado provincial, *“que, en un brillante discurso, dedicó un recuerdo cariñoso al ilustre gallego señor Romero Ortiz, y enalteció las dotes artísticas del célebre escultor del siglo diez y ocho, Felipe de Castro”*.

OS XARDÍNS DE FELIPE DE CASTRO. UN PEQUEÑO COMPENDIO DA ARTE DA XARDINERÍA

Nos xardíns de Felipe de Castro dominan indistintamente as formas xeométricas do xardín clásico renacentista, barroco e neoclásico, xunto coas formas curvas procedentes do deseño paisaxista inglés. O monumento a Felipe de Castro vai constituír o elemento central dos xardíns aos que vai dar nome, e a organización dos mesmos vai realizarse en función deste fíto principal. Así, nun primeiro momento, unha sebe circular con pequenas entradas flanqueadas de árbores de pequeno porte, rodeaba por completo a base pétrea da estatua. Arredor deste primeiro xardín, e en perfecta simetría respecto a un eixo que segue a fronte e costas do monumento, figuran toda unha serie de pequenas parcelas nas que o elemento vexetal vai ser protagonista. Os lindes destes pequenos espazos aparecen realizados en principio con especies vexetais características como o mirto. Posteriormente, bordos en pedra limitarán algúns deles. Os bordos externos dos xardíns sufriron notables modificacións no tempo. Nalgún momento foi pretensión das autoridades o peche do conxunto. Para isto realizáronse robustas columnas pétreas co obxectivo de rodealos. Entre as mesmas trazáronse bancos corridos en pedra. Algunha imaxe antiga dos xardíns que ilustra este escrito deixa

ver como as columnas de granito e banco corrido entre elas aparecen colocadas ás costas do monumento e non na fronte como na actualidade. Ao mesmo tempo, dúas destas columnas, coroadas por un elemento metálico a xeito de arco, funcionaban a modo de porta de entrada e saída dos xardíns. As transformacións sufridas nesta parte da vila por mor do trazado das novas estradas e a conexión entre elas vai ter igualmente repercusións no trazado dos xardíns.

O emprego de árbores exóticas, así como de arbustos e plantas, vai proporcionarlle ao conxunto un aspecto completamente diferente ao resto da Alameda, onde álamos e “setines” eran protagonistas principais. Aínda que as árbores destes xardíns foron mudando paseniñamente ao través do tempo, en Noia ao igual que sucede en todo xardín paisaxista, a introdución de especies mediterráneas, americanas, así como árbores e arbustos chinos ou xaponeses, foi unha constante. Hoxe, sen dúbida, a imponente figura dos dous magnolios centenarios, dúas catedrais naturais de incalculable valor que presiden a entrada principal dos xardíns, constitúen os elementos senlleiros dos mesmos. Menos coñecidas, pero igualmente valiosas, outras especies como o único exemplar que queda de teixo —a súa parella secou o ano pasado por falta de coidados axeitados a tempo—, así como outras, algunha das cales en claro proceso de deterioro como a que funciona de elemento central do coñecido como banco redondo, constitúen un pequeno pero valioso conxunto natural de grande valor ecolóxico e sentimental.

Diferentes especies de flores de tempada proporcionan cor ao conxunto, e a práctica da arte topiaria, asociada ao modelado de figuras sobre soporte vexetal, tan presente na xardinería, aparece tamén representada nos xardíns de Felipe de Castro na figura da áncora ou da estrela que decoran dúas das parcelas dos xardíns. Surtidores, bancos, farolas, e outros elementos completan o catálogo particular destas singulares illas verdes urbanas.

Na actualidade podemos abordar o tema da aparencia física, da organización espacial e da imaxe dos xardíns de Felipe de Castro neses intres de finais do XIX principios do XX, porque dispoñemos xa dunha documentación gráfica moi superior á correspondente a épocas anteriores. Por unha banda, unha cartografía moito máis precisa e rigorosa, pero ademais, a aparición da fotografía vai proporcionarnos imaxes reais, fóra das interpretacións subxectivas dos artistas. A escolma fotográfica que aquí ofrecemos, pertencente ao arquivo particular do fotógrafo noiés **Suso Xogaina**, permite unha visión no tempo dos cambios varios que sufriu este singular xardín

presidido polo busto sobre granítica columna do escultor Felipe de Castro, fillo ilustre desta vila.

Os parques e xardíns constitúen sempre escenarios prestixiosos que valoran o espazo e danlle estimabilidade. Sen lugar a dúbida, a Alameda e xardíns de Felipe de Castro, uns dos elementos urbanos que fixeron de Noia unha vila moderna, a veces tan mal tratados no coidado da súa estética e agredidos sen dor en días de festa, constitúen hoxe elementos senlleiros da mesma, sinais de identidade poderosos e recoñecidos no senso de espazos de repouso e lecer, lugares de encontro e paseo que humanizan unha vila que no seu medrar irracional esquece crear outros centros de verdor que os complementen.

FONTES E BIBLIOGRAFÍA:

- AGRAFOXO PÉREZ, Xerardo: *400 anos na historia da vila de Noia*. Concello de Noia, 1991.
- AGRELO HERMO, Xosé: *Alejandro Rodríguez Cadarso*. Ed. Toxosoutos, 2004.
- ACTA de entrega del busto en bronce de Felipe de Castro a la municipalidad de la villa de Noya. Documento facilitado por **Concha Allut**.
- CAPEL, Horacio: *La morfología de las ciudades*. Ed. del Serbal, 2002.
- CES, Eduardo: *Refachos de Historia*. Ed. Gráficas Sementeira, 1992.
- FABEIRO GÓMEZ, Manuel: *Escudos de Noya*. C. S. I. C. Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, 1972.
- LIBROS DE ACTAS MUNICIPALES. Arquivo do Concello de Noia.
- NOTICIAS locais del periódico Las Provincias de Valencia dos días 30 e 31 de enero de 1884, recollidos por Luís Mañas Borrás, bisneto do fundador do monumento a Felipe de Castro e facilitadas por **Concha Allut**.

Os intelectuais da Barbanza no século de Felipe de Castro




X. Pastor Rodríguez Santamaría

Este ano celébrase o III centenario do nacemento de Felipe de Castro, un dos escultores máis importantes do século XVIII español. Pero non imos nós estudar a faceta artística do escultor noiés, senón encadrarlo intelectualmente no contexto da bisbarra de procedencia. Cómpre non esquecer que Felipe de Castro non foi só un destacado artista, que chegou a ser director da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (1763-1766), cargo no que desenvolveu un importante labor intelectual na mellora do ensino artístico, senón un

home tamén preocupado por divulgar os estudos sobre arte, cousa moi propia do século que fundou a historiografía artística e literaria. En 1753 publicou en Madrid unha importante tradución: *Lección que hizo Benedicto Varqui en la Academia Florentina el tercer domingo de Quaresma del año de 1546 sobre la primacía de las Artes y cual sea más noble, la Escultura, o la Pintura*, estudo que tenta dilucidar cal é a máis ilustre das artes, se a pintura ou a escultura. Non foi este o único labor historiográfico de Felipe de Castro sobre as artes, pois sabemos que deixou inédito un *Tratado sobre las prerrogativas y excelencias de la escultura*, que hai que encadrar nos movementos neoclásicos de dignificar os oficios en xeral e os oficios artísticos en particular. Ademais deixou tamén manuscrita unha *Relación de pinturas y esculturas de Madrid*, na que amosa os seus coñecementos de arte, de influxo clasicista italiano, ao que hai que engadir uns *Papeles varios de discursos sueltos...* A súa biblioteca deixouna en doazón á Universidade de Santiago, ademais de beneficiar á súa vila natal cunha manda para a creación dunha escola de Primeiras Letras e Gramática.

O CONTEXTO HISTÓRICO

O século XVIII comeza en 1700 coa morte do derradeiro dos reis da Casa de Austria, Carlos II, e coa Guerra de Sucesión, que rematará en 1713 coa Paz de Utrech e a instauración da dinastía borbónica en España na persoa de Felipe V. A chegada dos Borbóns vai significar a modificación dos dominios territoriais da monarquía española, que perderá algúns territorios e adquirirá outros. Neste momento España está nunha época de grande decadencia, cunha demografía fundida e cunha economía en pésima situación. É aínda unha España plural, con reinos e señoríos, e que tentará poñer en pé, coa nova dinastía, unha unificación territorial e unha división administrativa que realmente non culminarán ata 1833, en que se faga a actual división provincial, malia aos



TRADUCCIÓN DE FELIPE DE CASTRO

intentos do Conde de Floridablanca de facelo xa no século XVIII.

O goberno desta España plural está en mans dunha oligarquía, cunha situación administrativa na que os oficios de goberno son venais, o que leva a unha grande corrupción. Dende 1715 comeza a denominación de Coroa de España, que non existía ata ese momento e con iso aumenta a exaltación da persoa do rei e o boato da corte, sen modificar o sistema absolutista anterior.

A sociedade está organizada en estamentos e neste século o aumento do clero será moi significativo, chegando a pasar de mil os conventos de monxas e de dous mil os de freires. A finais de século aumentará tamén de maneira significativa o número de funcionarios estatais.

Pódese falar ao longo do século XVIII dun certo aburguesamento da sociedade, e será sobre esa clase burguesa sobre a que repousará a Ilustración, malia ao peso excesivo do clero e da relixiosidade do país. A literatura relixiosa terá un predominio abusivo na edición, contándose por miles os sermóns, catecismos e libros de misións que se imprimen.

É unha sociedade con grande amor ao luxo nas clases elevadas, que verá mellorada a súa economía ao longo do século, cunha forte subida demográfica cara ao seu remate, pois a poboación pasa de cinco a dez millóns de habitantes.

O CONTEXTO CULTURAL

A situación da educación a principios do século XVIII era catastrófica e ao longo de todo este período os ilustrados procurarán melloralala, aínda que se fará a costa da uniformidade lingüística e con modelos excesivamente ríxidos. É difícil medir o nivel de analfabetismo, pois non hai cifras fiables e existen grandes diferenzas entre a zona urbana e a rural. Malia iso, pódese dicir que o corenta por cento dos habitantes de Madrid, por exemplo, era analfabeto, con cifras que chegaban ao dobre no caso das mulleres. A escolarización aínda en 1797 chegaba só ao vinte e tres por cento dos homes e ao dez por cento das mulleres, con grande predominio do ensino relixioso e cunha Universidade decadente e desprestixiada, que os ilustrados non conseguirán reformar satisfactoriamente. Pero é tamén a época das tertulias, das Academias, das Sociedades Económicas, dos Montepíos e do desenvolvemento experimental da ciencia, que cada vez concede máis papel á razón e ás viaxes de coñecemento, se ben é verdade que todo este movemento ten dúas eivas á hora de darse a coñecer, a censura eclesiástica e a gubernativa.

Prodúcese tamén unha mellora da industria editorial, grazas sobre todo ao esforzo dos conselleiros de Carlos III, aínda que a situación é moi diversa segundo as zonas do país. Non se esqueza que en Galicia hai só imprenta en Compostela mercé á súa calidade de cidade universitaria, aínda que o dominio é clerical e só A Coruña e Ferrol escapan en parte a este dominio relixioso.

Aumenta o número de escritores e vai cobrando importancia un xénero ata agora pouco cultivado, o **ensaio**, que terá en dous galegos, **Feijoo** e **Sarmiento**, dúas figuras capitais que dominarán a vida intelectual española, sen esquecer o labor de **Cornide Saavedra**, un laico significativamente vencellado á cidade da Coruña.

Aínda que Ilustración e Neoclasicismo non son intercambiáveis, non cabe dúbida que a estética procedente de Francia vaise facer pouco a pouco a estética dominante en España, grazas sobre todo ao abundante número de traducións.

Tamén dende 1737, en que se funda o *Diario de los Literatos*, a prensa irá collendo un importantísimo valor divulgativo, pero que non abrangue por igual a toda España, pois lémbrese que en Galicia non temos o primeiro xornal ata 1800, *El Catón Compostelano*. O hábito de lectura vai aumentando conforme avanza o século e, ademais, a edición aumentará a súa difusión grazas ao sistema de subscricións. Hai un cambio de mentalidade, que non responde só á renovación neoclásica na estética, senón tamén a un cambio no punto de vista filosófico que agora parte da experiencia e a razón, podendo falarse de *sensismo* fronte ao *aristotelismo* predominante nas épocas anteriores.

Nacen novas disciplinas de estudo, entre as que hai que citar a *Historia da Literatura*, a *Filoloxía* e a *Historiografía*. Outro aspecto salientable é o

número cada vez maior de mulleres escritoras, que se pode exemplificar a nivel español en casos como o de Gertrudis de Hore, Isabel Morón e, no caso galego, con **María Francisca Isla e Losada**.

Pouco a pouco vaise intelectual-mente camiño dun liberalismo mode-rado, dun aumento do escepticismo intelectual que pon en cuestión as ver-dades admitidas e que ataca a supersti-ción e as crenzas inxustificadas.

O CONTEXTO GALEGO

Moitos dos avances do século XVIII chegan moi serodiamente a Galicia e, ás veces, producen efectos negativos, como é o caso da imposición do caste-lán. Cos Borbóns hai unha pretensión de homoxeneizar o país e así un ensa-ísta como Miguel Antonio de la Gán-dara dirá en 1765 que a un rei deben corresponderlle unha soa moeda, unha soa lei, un peso, unha medida, unha lin-gua e unha relixión. A situación do galego era xa mala dende fins do século XV, pero a imposición lingüística non

será xa só *de facto* senón tamén *de iure*. Felipe V abroga xa os foros da Coroa de Aragón en 1707 e aumenta o centralismo e a unificación a partir do *Decreto de Nueva Planta* do 16 de xaneiro de 1716. En 1780 a *Real Cédula de Aranjuez* obrigará a que o ensino sexa en castelán seguindo a *Gramática* editada pola Real Academia Espa-ñola en 1771.


O galego, como sinala Sarmiento, é usado na fala por todos, nobres, clero e pobo, pero a escrita realízase por todos os que saben escribir, en castelán. A finais do século XVIII puxéronse as condicións para o avance do castelán, que será moi significativo nas cidades e nas cla-ses elevadas, e, xa que logo, para o retroceso do galego.

Ata hai poucos anos era habitual incluír o século XVIII dentro da denominación *Séculos Escuros*, que abranguería un longo período dende finais da Idade Media ata a Guerra da Independencia, pero agora consi-dérase que hai xa unha diferenza notable en Galicia neste século, debido fundamentalmente ao labor dun grupo de ilustrados, na súa maioría relixiosos, cousa normal nun país co ensino en mans da igrexa e cun grande poder das ordes relixiosas. É neste século cando comezan os estu-dos lingüísticos de Sarmiento e **Sobreira**, o galego comeza a ser máis frecuente na literatura, como demos-tra paradigmaticamente o caso do Cura de Fruíme e se van poñendo as bases dunha comprensión de Galicia como realidade autónoma, sen esquecer o labor das Sociedades Económicas e os estudos históricos. Mesmo aparece a primeira muller que conste que escribiu en galego, Francisca Isla Losada.

A PENÍNSULA DA BARBANZA

Non é pequena a aportación da Barbanza ás letras galegas e españolas no século XVIII e bastarían as figu-ras de Cernadas de Castro e Sande e Lago para exempli-ficalo. Hai un grande predominio dos intelectuais que pertencen ao estamento clerical, cousa normal en todo contexto español e galego e, ademais, explicable na nosa bisbarra por seren os cregos os que dominan o ensino, destacando o que imparten os franciscanos nos conventos de Noia e A Pobra, con outros centros próximos como Padrón e Muros.

Cando nace **Felipe de Castro**, a figura máis intere-sante da Barbanza, que morrerá en 1709, é **Juan Torrado Mariño**, vinculado a Rianxo e que foi cóengo penitenciario da catedral de León e catedrático de Artes en Compostela en 1679. Gramático, cultivou o galego, sendo autor dun romance moi coñecido que comeza co verso: "*Fala o corvo, escoiten todos*", publicado no




POEMA GALEGO DE JUAN ANTONIO
TORRADO



DIEGO ANTONIO CERNADAS Y CASTRO

volume *Fiestas Minervales y aclamación perpétua de las Musas a la inmortal memoria de el Ilustrísimo y Excelentísimo Sr. D. Alonso de Fonseca*, editado en Compostela en 1697.

Sen embargo a figura dominante para as letras galegas e tamén moi coñecido nas letras españolas é **Diego Antonio Cernadas y Castro**, quen foi cura de Fruíme, freguesía de Lousame, ata o seu falecemento en 1777. Mereceu que se recollese a súa obra en sete volumes, co título *Obra en prosa y verso del Cura de Fruíme*, que apareceron en Madrid, impresas polo prestixioso Joaquín Ibarra, entre 1778 e 1781. Son numerosos os textos galegos da súa autoría, se temos en conta a época na que estamos, textos que se viron aumentados pola recente edición de Xulio Pardo de Neyra, *O labor lírico do ilustrado cura de Fruíme. Textos galegos de Zernadas y Castro* (2002). A maioría dos seus poemas son de circunstancias, amosan xa moitos castelanismos, pero son un testemuño moi importante da situación do galego no seu século, sen que carezan de enxeño e dunha defensa do seu país. A popularidade de Cernadas foi aínda moi ampla no século XIX e as súas publicacións foron numerosas, chegando a cultivar mesmo o teatro, do que é exemplo a obra *Auto cómico-histórico: la Débora victo-*



FOLLETO DE NICOLÁS ANTONIO DE ARAÚJO Y SALGADO

riosa y la triunfante Jahel (1763). Dos seus escritos é digno de lembranza o titulado *Vindicias históricas por el honor de Galicia*, publicado en 1760.

A comezos do século sorprende a figura do crego **Nicolás Antonio de Araújo y Salgado**, nado probablemente en Noia en 1682 e falecido en Miñortos en 1732, freguesía da que era párroco. Non se trata dun home que publique literatura relixiosa, senón unha *Apología de la medicina*, que é mostra ben clara dos novos tempos que se avestiñan, na que pretende defender esta ciencia e resaltar a súa dignidade. A obra suscitou certa polémica e tivo unha segunda parte co título *Defiéndose la apología, que sacó a luz el cura de San Martín de Miñortos, en alabanza de la Facultad Médica, y se responde a un papel anónimo manuscrito, que intentó desdorarla, aparecido en Santiago en 1716*. O autor era fillo dun catedrático de Medicina da Universidade de Santiago e párroco de Miñortos dende 1712. O estilo da obra é aínda o do século XVII, con certa ampulosi-

dade e cheo de citas latinas, pero xa cunha grande capacidade polémica. Conclúe, o crego de Miñortos, afirmando que “*no se desdora la Magestad Imperial con la práctica de la Medicina, antes bien muchos Príncipes eternizaron su nombre por el gran conocimiento de las hiervas y otros remedios*”.

Figura fundamental no eido científico foi o noiés **Fernando Sande y Lago**, nado arredor de 1650 e do que poucos datos biográficos se coñecen. En Madrid apareceu o seu famoso *Compendio de Albeitería*, en 1717 e que coñece unha segunda edición moi ampliada en 1729. Será na portada desta reedición onde o autor se recoñece natural da vila de Noia. Pero a obra non é só un tratado científico, magnificamente ilustrado, senón que tamén contén os intentos poéticos, mediocres, de Sande. O volume non é só un tratado de veterinaria, senón tamén de mineraloxía e de augas minerais, aspecto este último no que foi un pioneiro, como recoñece Llorente no seu *Compendio de bibliografía de la veterinaria española*. En


1737 o seu tratado foi impreso en portugués en Coimbra. O curioso volume inclúe non só as poesías do autor senón tamén unha décima de Tomás Antonio de Bedon, que describe así a obra de Sande:

*Oy Fernando nuevamente
con acierto singular
la pluma buelve á tomar
persuasiva, y eloquente;
con fundamento evidente,
y doctrina general
la curación racional
en claro método explica,
de modo que lo publica
hasta el mismo irracional.*

Na obra inclúese tamén un romance heroico do profesor de pintura Juan Delgado e unha décima á Nosa Señora da Paz e a Piedade do propio Sande, décima que é acróstica.

No campo dos estudos eclesiásticos tivo moita sona **Frei Pedro Blanco**, que nacera en Noia en 1684 e que faleceu en Madrid en 1759. Ingresara no mosteiro bieito de Celanova en 1701, chegando a ser abade de San Salvador de Lérez e tres veces do mosteiro onde iniciou a súa vida relixiosa. Entre 1736 e 1741 publicou en cinco volumes a obra *Explicación de la Santa Regla de Nuestro Padre San Benito, dedicada al gloriosísimo P. San Benito, Patriarca de monjes*, impresa no prelo de José González. En 1746 editou unha continuación co título *Complemento de la explicación de la Santa Regla*.

A literatura de viaxes foi outra das grandes preocupacións dos intelectuais do século XVIII e un noiés, **Basilio Villarino Bermúdez**, natural de Santa Cristina de Barro, onde nacera en 1741, piloto que partiu para América en 1774 na fragata *Perpetua*, e que realizou varias expedicións á Patagonia entre 1778 e 1779, chegando a descubrir o golfo de San José e levantando planos e cartas dos lugares explorados, o que uniu á súa preocupación lingüística, pois preparou un vocabulario das linguas *palpa* e *tehulche*. En 1782 chegou nunha expedición ata os Andes e a lagoa de Heuchén, acompañando a Juan de la Piedra coa intención de dominar aos indios de Sierra de la Ventana, expedición na que faleceu o 26 de xaneiro de 1785. En 1857 publicáronse en Bos Aires os seus traballos co título *Diario del Piloto de la Armada don Basilio Vilariño*. Unha rúa da capital arxentina leva o seu nome, o mesmo que un illó do río Limay, unha praza no porto de Patagones, un partido ao sur da provincia de Buenos Aires e unha punta no porto de Santo Antonio na Patagonia.



FERNANDO SANDE Y LAGO - TRATADO

Importante papel no desenvolvemento intelectual de Galicia tiveron os colexios universitarios de Fonseca e San Clemente, na que tiveron presenza varios noieses. O máis destacado foi, probablemente, **Ambrosio Mallou**, Rector de Fonseca entre 1720 e 1723, acadando o grao de licenciado en Teoloxía por Ávila e o doutorado en 1730. Ao seu carón hai que citar a **José Vicente Fernández Boán Noguerol**, tamén noiés nado en 1708 e que foi tamén Rector de Fonseca en 1737 e catedrático da Universidade de Compostela dende 1735, ademais de Cóengo Doutoral de Compostela en 1761. Era licenciado e doutor en Cánones. Naturalmente outros homes da Barbanza cursaron os seus estudos en Compostela e residiron nos citados colexios. Fica lembranza de **Simón González de Córdoba**, nado en Rianxo en 1703 e colexial de Fonseca en 1730, do pobrense **José Ramón Chaus**, pasante do Colexio de San Clemente entre 1771 e 1773. Xa a finais do século XVIII e morto Felipe de Castro, será figura fundamental en Fonseca o pobrense **Manuel Fernández Varela**, que nacera casualmente en Ferrol en 1772, e que será unha das figuras máis importantes da oratoria de finais do século XVIII e primeiro terzo do XIX. En 1799 publicou o seu sermón *Oración que a la inmortal memoria del Sr. D. Alonso de Fonseca...* Chegará a ocupar un posto moi importante na xerarquía eclesiástica española, o de Comisario Xeral da Santa Cruzada e protexerá a artistas e escritores entre os que están Nicomedes Pastor Díaz e Mariano José de Larra.

Outro grupo de homes da Barbanza terá un importante papel no ensino relixioso de América, fundamentalmente os franciscanos, que, saídos dos conventos de Noia e Pobra, se establecerán ao longo do Novo Continente. Exemplo disto son o pobrense **Frei Tomás García**, que ensinou Filosofía e Teoloxía en Querétaro, México, dende 1730 e que estivera no Colexio de Pasantes de Alba de Tormes, do que foi decano en 1728; volverá a Galicia e falecerá en Herbón en 1765. A el poden engadirse **Inocencio Patiño**, tamén pobrense e que ensinou en Chamariapa, Venezuela, dende 1783 e **Frei Juan Teira**, nado na Pobra en 1743 e que ensinou en Guatemala dende 1770.

Outro eclesiástico pobrense, o Cardeal **Ángel Patiño de Reloba** (1735 – 1812) terá un importante papel na vida intelectual de Compostela, pois foi catedrático da súa Universidade e autor do folleto latino *Angelus Josephus Patiño Altaris S. Jacobi Majoris ex Beneficio Minister, in grati animi signum, varietate Theseon Histo-*




MANUEL FERNÁNDEZ VARELA

rico-Moralium intertextum, suscipit dilucidandum Jubilaeum Plenissimum, ab Alexandro III. P. Optimo, Maximo, Basilicae Compostellanae indictum saeculo XII. sub sequenti forma verborum, escrito en colaboración con José García Caballero. Era xa catedrático de Teoloxía Moral en 1778 e procedía dunha familia fidalga, polo que ingresou no Colexio de Pasantes de San Clemente. A súa biblioteca pasou á Universidade de Santiago. Xa a finais de século comezará a destacar o seu sobriño **Joaquín María González Patiño** (1775 – 1848), que chegará a ser Bibliotecario Maior da Universidade de Compostela e, posteriormente, Director da Biblioteca Nacional de Madrid. Malia ser Cóengo Cardeal de Santiago, foi un destacado liberal, sendo deputado en 1822 e senador en 1838.

Tamén a finais de século destacarán os eclesiásticos **Luis Iglesias González** (Rianxo, 1767 - Aranzue, 1835), **Andrés Sieira** (Boiro, 1769 - Herbón, 1841) e **Gabriel Sieira** (Abanqueiro, 1770-1849).

Xa para rematar é mester lembrar que é no século XVIII cando aumenta a



FOLLETO DO CARDEAL PATIÑO

preocupación pola conservación dos documentos históricos e pola súa divulgación, e así os arquiveiros serán factor decisivo neste labor. Na Pobra o seu arquiveiro **Miguel José González Soldado y Romero**, escribán real e procurador de número da vila xa dende 1756 deixará unha *Historia y armas de la Villa del Caramiñal* de sumo interese, que será publicada no século XIX. González Soldado deixa escrito que organizou o arquivo do concello da Pobra entre 1580 e o seu tempo, e mesmo se preocupa de recoller restos arqueolóxicos e identificalos, para o que consulta a homes tan importantes como o Padre Sarmiento.

En conclusión, a vida intelectual da Barbanza está representada por homes que cumpren un importante papel na cidade universitaria de Compostela, mais tamén en Madrid e na América española, sen esquecer que é o Cura de Fruíme o poeta con máis obra en galego dende principios do século XVI. Hai un

predominio dos eclesiásticos, o que responde á realidade galega e española, onde o clero domina os estudos e mesmo as universidades.

BIBLIOGRAFÍA

- AGRELO HERMO, X.: *A freguesía de Santa Cristina de Barro*, Noia, Toxosoutos, 1996.
- : “Xente de Noia”, en V.V.A.A.: *Noia. Ribeiras de mar enxoito*, A Coruña, Deputación Provincial, 2003, pp. 272 – 281.
- AGUILAR PIÑAL, Francisco: *Introducción al siglo XVIII*, Madrid / Gijón, Júcar, 1991.
- ALONSO MONTERO, X.: *Estudio literario das Festas Minervais compostelanas de 1697*, Santiago, Universidade de Santiago, 1993.
- BALTAR DOMÍNGUEZ, R.: “Estudio preliminar” a *Opúsculos médicos gallegos del siglo XVIII*, Santiago de Compostela, Bibliófilos Gallegos, 1961.
- CASTRO LÓPEZ, M.: *El explorador Villarino*, Buenos Aires, 1909.
- COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio: *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Santiago de Compostela, Bibliófilos Gallegos, 3 vols., 1951 – 1954.
- FRAGUAS FRAGUAS, A.: *O Colexio de Fonseca*, Santiago, Consorcio de Santiago, 1995.
- GÓMEZ CANEDO, L.: *Los gallegos en los descubrimientos y las exploraciones*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1991.
- : *Los gallegos en el gobierno, la milicia y la iglesia en América*, Santiago, Xunta de Galicia, 1991.
- : “La aportación de los franciscanos gallegos a la evangelización”, en V.V.A.A.: *Galicia y la Evangelización de América. Las órdenes religiosas*, Santiago, Xunta de Galicia, 1991.
- GÓMEZ FERNÁNDEZ, L. e MON VÁZQUEZ, F.: “*Historia y armas de la Villa del Caramiñal*”, <Galicia Diplomática>, Santiago.
- GONZÁLEZ GARCÍA-PAZ, S.: *O Colexio de San Clemente de Pasantes de Compostela*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 1993.
- LÓPEZ, Atanasio: *Nuevos estudios crítico-históricos acerca de Galicia*, Madrid, 1947.
- MARIÑO PAZ, Ramón: *Historia da lingua galega*, Santiago, Sotelo Blanco, 1998.
- MARIÑO REINO, X.X.: “A arte”, en V.V.A.A.: *Noia. Ribeiras de mar enxoito*, A Coruña, Deputación Provincial, 2003, pp. 174 – 193.
- PARDO DE NEYRA, X.: *O labor lírico do ilustrado Cura de Fruíme. Textos galegos de Zernadas y Castro*, Santiago, Laiovento, 2002.
- RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Xoán Pastor: *Escritores da Barbanza*, A Pobra do Caramiñal, Concello, 1999.



Xerardo Agra Foxo

Radiografía de Noia na época de Felipe de Castro

As fotografías que ilustran este traballo proceden do arquivo particular de SUSO XOGAINA

A Noia do século XVIII amosa uns comportamentos políticos e sociais semellantes aos das centurias anteriores, pero, coa evolución marcada polo reformismo borbónico de influencia francesa, converterase nunha realidade distinta dende un punto de vista demográfico e económico.

Dende a Idade Media Noia era unha pequena poboación carente de personalidade xurídica e de órganos propios para o regulamento da súa vida política e administrativa. En canto vila pertencente ao señorío da cidade do Apóstolo, os seus habitantes estaban sometidos á autoridade do arcebispo de Santiago dende que no ano 934 o rei Ramiro II cedera o Condado de Postmarcos á Mitra Compostelá e a raíña dona Urraca confirme en 1107 a xenerosa doazón das terras comprendidas entre o Ulla e o Tambre. Unha sorte de dependencia que se consolidará de maneira abraiante cando o 9 de abril de 1168 se produza a fundación histórica da vila por medio da Carta Pobra concedida polo rei de León Fernando II.

Setecentos anos máis tarde nada cambiaría para os cidadáns desta terra no tocante á súa liberdade. Os seus intereses económicos e os seus mecanismos de administración local estarían dominados polos ambiciosos preladados da cidade xacobeá. A través dos documentos existentes no Arquivo Histórico Municipal pódese comprobar como o procedemento de elección de alcaldes non variara dende o século XII.

Seis poderosas familias ou *onbres buenos* enraizadas na vila e de *acreditada honorabilidade* (**Guillelmes, Alfonsos, Carneiros, Caamaños, Bochóns e Aponte**) eran as propietarias de *cobrados*. É dicir, a potestade para nomear, nunha convocatoria que se celebraba na igrexa de San Martiño a *campana tañida*, aos seis candidatos que eran propostos ante a Mitra. No emprego da súa potestade secular, o arcebispo de Santiago elixía entre os elixidos aos dous Alcaldes Ordinarios ou Xustizas Legas que gobernarían o concello durante un ano. En

caso de falecemento dalgún deles, antes de rematar a súa xestión, o arcebispo nomeaba a outro dos propostos polos cobrados.

Tamén controlaba a igrexa o nomeamento dos principais membros do Consello Municipal: *Procurador xeral* (maxistrado con atribucións económicas) e *Maordomo local* (administrador das rendas locais). Dependendo desta administración local estaban os veedores, fiscais, alguacís, médico, notario, escribán, boticario e pregoeiro. As funcións deste órgano da administración municipal consistían en defender os intereses dos veciños en todos os seus aspectos: administrar a xustiza, coidar os hospitais, recadar os tributos, asegurar a subsistencia e facer cumprir as ordenanzas municipais.

Durante a época de Felipe de Castro coñecemos algún dos comportamentos da vila a través dun AUTO CAPITULAR DE BUEN GOBIERNO E POLICÍA. A través dunha lectura atenta dos seus capítulos sabemos do coidado que había que gardar con respecto dos actos relixiosos:

1. *Que cuando pase el Santísimo por la calle le acompañen asta que se retire y los que no puedan hacerlo se arrodiven com la mayor referencia.*
2. *Que en las procesiones e iglesias guarden los concurrente toda moderación y respecto sin usar*



de las acostumbradas conversaciones, risas y mormuraciones evitando escándalos.

Neste AUTO CAPITULAR tamén se recollen varias ordenanzas dirixidas aos cidadáns para que eviten calquera tipo de conduta que alterase a orde (borracheiras, emprego de armas prohibidas, saír pola noite, etc.). Mesmo lembra a necesidade de controlar que os pais miren polos fillos baixo a súa potestade, que as mulleres solteiras non vivan soas ou saian de noite e que os taberneiros non vendan viño fóra do seu horario:

1. *Se eviten todas personas acostumbradas a borracheras que andan por las calles, y iglesias y procesiones borrachos.*
2. *Que los padres de familia contengan los que están bajo su potestas pues se les hace responsables de sus excesos.*
3. *Que los mesoneros y más personas que dan posada, y el Mayor-domo del ospital de Sant Espiritu de esta villa den cuenta de todos los forasteros.*
4. *Que las mujeres particularmente jóvenes no viven en casa solas sino en la de sus padres y desde que anochezca no anden por las calles con pretesto alguno sin luz.*
5. *Que los taberneros cierren sus roderas y no den vino a puerto cerrado en invierno desde las ocho de la noche en adelante y en el verano despues de las nueve.*

Outros apartados deste AUTO CAPITULAR están dedicados a mellorar a política de abastos da vila e as actividades económicas. Deste xeito faise referencia a que os tendeiros e comerciantes arreglen as súas medidas, que os panadeiros vendan pan ben cocido e en boas condicións hixiénicas e que os



muiñeiros non fagan estafas. Tamén se recollen outras disposicións que semellan necesarias na actualidade: Os funcionarios teñen que traballar con máis celo, débense manter os camiños en mellor estado, a conveniencia de retaurar os edificios que ameazan ruína e coidar e limpar as rúas da vila.

Coas medidas adoptadas polos señores de Xustiza e Rexemento que integraban o concello de Noia tratábase de artellar a vida dunha comunidade que, por ser centro dun amplo mercado comarcal, era un foco de atracción de xentes dos arredores nunha época de incremento demográfico.

Dende un punto de vista social os cidadáns da vila de Noia integrábanse en dous sectores perfectamente diferenciados. No estrato superior atopábanse os privilexiados: A **oligarquía** integrada polos señores laicos que controlaban a vila a través das súas posesión dos cobrados e o sector eclesiástico composto polo clero regular, dependente do convento de San Francisco, e o clero secular constituído polos cregos de San Martiño e Santa María A Nova. As **clases traballadoras** (obreiros, campesiños, mariñeiros, artesáns e pequena burguesía) fala-



ban preferentemente en galego e ocupaban o sector máis baixo da pirámide social. Amais do idioma e a riqueza, esta sociedade do Antigo Réxime estaba diferenciada pola desigualdade coa que gravitaban sobre as súas vidas as crises meteorolóxicas causantes de tanta mortandade e as malas condicións de vida.

Os mariñeiros traballaban para satisfacer o autoconsumo e abastecer a un mercado interno de baixa demanda. Empregaban artes atendidas pola familia, non existían relacións salariais, as prácticas das capturas eran arcaizantes e os axentes económicos da pesca eran os que transformaban a pesca. Os comerciantes e artesáns vían controlada a súa produción polas restricións que impoñían as organizacións gremiais e os campesiños eran soamente modestos labregos normalmente propietarios de pequenas parcelas de terra de cultivo, varias cabezas de gando vacún e lanar e unhas ferramentas de traballo nada apropiadas. Vivían baixo o peso duns ingresos mínimos de subsistencia e a súa condición social ocupaba o escano máis baixo e humilde do concello.

Os edificios relixiosos que controlaban a paisaxe do entorno, a profusión de escudos heráldicos polas casas da vila, os diferentes pazos das clases oligárquicas, as laudas do cemiterio gremial de Santa María e o complexo entramado urbano do núcleo histórico, ateigado de ruelas irregulares e asoportaldas e rúas comerciais lousadas e acristaladas, certifican esta diversidade social nunha época de forte diferenciación xerárquica e profundos contrastes.

Neste período histórico, correspondente co século do escultor Felipe de Castro, a vila de Noia amosou un comportamento demográfico semellante ao doutras poboacións situadas na costa galega. Durante as primeiras décadas do século XVIII a evolución demográfica de Noia amosa unha tendencia descendente:

1700.....	590	veciños
1711.....	496	“
1717.....	365	“
1760.....	415	“

As causas deste descenso explicáranse por un retroceso do espazo cultivado, o incremento das correntes migratorias, a decadencia do comercio e aparición da fame polos brotes epidemiolóxicos e as continuas malas colleitas provocadas polas crises meteorolóxicas.

A partir da segunda metade do século XVIII a poboación de Noia vai asistir a un crecemento imparable debido a varios factores coincidentes no tempo: Difusión da pataca e o millo pola xeografía galega, triunfo definitivo da intensificación e estabulación gandeira que permitirá unha agricultura de



elevados rendementos e a irrupción dos fomentadores da salgazón procedentes de Cataluña (Ramoní, Roura, Roig, Baptista, etc.) que provocarán cambios técnicos na conserva da sardiña, introdución de novas artes pesqueiras, mellora do transporte das capturas, apertura de novos mercados e establecementos dunhas novas relacións económicas baixo criterios capitalistas e desenvolvemento dun activo comercio entre Galicia e Cataluña.


A inversión do ritmo lento demográfico farase aínda máis visible cando se melloren as condicións hixiénicas da vila, se xeralicen os medicamentos, se esterilicen os materiais sanitarios, se empregue o cloroformo para dar á luz e aumenten as condicións económicas a medida que se desenvolvan as actividades industriais e artesanais. Á morte de Felipe de Castro en Madrid a poboación de Noia acadará uns 6.000 habitantes. Unha cifra só comparable en Galicia, agás as sete capitais provinciais, a doutras vilas situadas ao abeiro da costa. Cando a fatídica epidemia de cólera morbo ataque a vila a partir do 23 de agosto do ano 1854 Noia xa tiña preto de 8.000 cidadáns. Na primeira década do século XX chegará aos 10.000 habitantes.

Sen dúbida unha época transcendente. Este século, que viu nacer a outros importantes noíeses como Basilio Vilariño e Xosé Ferreiro e tivo como



veciño privilexiado a Don Antonio Cernadas de Castro, convertérase nun abano de ideas renovadoras procedentes de Europa e xurdidas da profunda renovación intelectual que supuxo a Ilustración. Unha corrente de pensamento caracterizada polo racionalismo, someterá a unha crítica implacable todos os conceptos e valores que eran aceptados simplemente polo argumento do peso da tradición. Esta nova xeira ideolóxica liquidará os alicerces do Antigo Réxime e os cidadáns de Noia acadarán a independencia da poderosa Mitra Compostelana uns anos despois do pasamento do seu sobranceiro escultor.

Entre os lugares de Pastoriza e o Castro aínda poden observarse os restos dunha casa que, segundo os testemuños dos veciños máis vellos da parroquia de Santa María de Roo, conserva nos seus muros esmorecidos e ateigados de vexetación a memoria deste ilustre personaxe que naceu nas marxes do Tambre hai 300 anos. Ningún investigador atopou ata agora un documento que acreditase esta realidade, pero no luminoso val as xentes manteñen de xerazón en xerazón unha idea transmitida dende hai tres longos séculos. ¿Ousará alguén arrebatarlles esta crenza? Talvez o bautizaron nun concello veciño por ser fillo dunha moza amancebada cun crego chamado Alberto Agrafoxo. ¡Menudos antepasados!



Alumna da Escola de Gravado A. Costa (Liceo de Noia)



nº 16



Esta revista non poderá ser reproducida, nin total nin parcialmente, calquera que sexa o medio empregado, sen o permiso previo do editor. Reservados todos os dereitos.

A Sociedade Liceo non se fai necesariamente responsable das opinións dos seus escritores e colaboradores.

EDITA:

Sociedade Liceo
Alameda, s/n
15200 Noia (A Coruña)
Tfno./Fax: 981 820 535

COORDINADOR:

Cándido M. Prego Rajo

CONSELLO DE REDACCIÓN:

Xosé Agreló Hermo
Ramón Carredano Cobas
Mª Antonia Castro Patiño
Pedro García Vidal
A. Ventura González Arufe
Xosé Moas Pazos

GRAVADO CAPA:

Irene Silva Cotón (1º Premio Liceo 2004)

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN:

Gráficas Sementeira, S.A.
Tfno.: 981 823 855
Fax: 981 821 690
e-mail: sementeira@telefonica.net

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:

Ramón Blanco Fernández

DEPÓSITO LEGAL:

C-888-2000

Presentación



En cada número da nosa Revista correspóndeme facer unha pequena introdución reflectindo o contido da mesma, pero neste número teño que subliñar a amargura polo pasamento de Manolo Hermida, colaborador dende o comezo da andaina desta Revista; sempre nos ofreceu a documentación da que dispoñía, así como os seus traballos para esta publicación. Manolo, moitas gracias, nunca te esqueceremos.

Noutra orde quero destacar neste número os traballos e estudos levados a cabo sobre Felipe de Castro no seu aniversario, reflectindo investigacións orixinais, así como documentación gráfica inédita.

De igual forma publícase o traballo gañador do “Primeiro Concurso de Contos Liceo de Noia”, con ilustracións de Alfonso Costa.

Pola miña banda, agradecer o traballo dos colaboradores que analizan puntualmente os temas máis inxerentes do día a día, e desexar que sexa da máxima utilidade para todos os destinatarios, e que redunde, pola vía da mellora do coñecemento, nunhas máis fortes e dinámicas relacións do noso entorno do Barbanza galego.

Xosé Moas Pazos
Presidente

Sumario

Axenda	2
<i>Cándido M. Prego Rajo</i>	
Historia do Liceo	7
<i>Ramón Carredano Cobas</i>	
Entrevista	10
Concha Allut Vidal <i>Pepe da Roca</i>	
O mar	14
Manuel Güeto Sóñora, un noiés no naufraxio do Castillo de Bellver <i>Xosé Agrelo Hermo</i>	
Historia	16
De Moscú a San Petersburgo <i>Xerardo AgraFoxo</i>	
Felipe de Castro: Vida e obra	27
<i>Xoán X. Mariño</i>	
Os xardíns de Felipe de Castro	36
<i>Pedro García Vidal</i>	
Os intelectuais da Barbanza no século de Felipe de Castro	44
<i>X. Pastor Rodríguez Santamaría</i>	
Radiografía de Noia na época de Felipe de Castro	51
<i>Xerardo AgraFoxo</i>	
Cancións de Noia	56
Yo te juré <i>Prudencio Romo</i>	
Noya C.F. Tempada 1959/60	57
<i>Ricardo Güeto</i>	
In Memoriam. Manuel Hermida	62
<i>Xosé Agrelo Hermo</i>	
Algunhas notas sobre a Familia Ladrón de Guevara Culleredo e Noia	63
<i>Carlos Pereira Martínez</i>	
Conto	66
Goodbye my friend <i>Beatriz Dacosta Molanes</i>	
Poesía	70
Paseo sentimental por la alameda de Noia <i>Joaquín González Fernández</i>	
Noia en branco e negro	71
<i>Roque Gallardo</i>	
Os nosos libros	72
<i>Xerardo AgraFoxo</i>	



Cándido M. Prego Rajo

Axenda



Como xa vén sendo habitual, o sábado 26 de Xuño celebramos nos terreos de Ceilán a festividade de San Xoán, con verbena pola noite, amenizada pola orquestra SOLERA.



O día 27 de Xuño o grupo de teatro da Asociación Cultural “O XEITO” de Esteiro, puxo en escea, no salón da Sociedade, a obra “O Achado do Castro”, orixinal de Manuel Núñez Singala, en versión de Xosé Agrelo Hermo, tamén director do grupo de teatro. Foi unha interpretación magnífica en opinión dos moitos espectadores que acudiron ó acto.



O día 2 de xullo a Coral da Asociación Musical LIRAIN de Gorliz (Bizkaia), que se hospedou en Noia para cantar na misa do “peregrino” en Santiago con motivo do “Xacobeo”, ofreceunos un concerto extraordinario.



PIANISTA E CORAL LIRAIN DE GORLIZ (BIZKAIA)



Do 5 ó 20 de Xullo os alumnos/as das actividades de pintura e debuxo, manualidades, encaixe de palillos e *patchword*, fixeron unha exposición no salón da Sociedade dos traballos realizados durante o curso 2003/2004, que resultou moi vistosa e visitada. Chamou a atención, pola súa vistosidade, a actividade de *patchword* implantada no curso que remata.



ALUMNAS E TRABALLOS DE ENCAIXE DE PALILLOS,
COA SÚA MONITORA, M^a TERESA VEIRAS



ALUMNAS E TRABALLOS DE MANUALIDADES,
COA SÚA MONITORA M^a CARMEN



ALUMNAS DE PINTURA COA SÚA MONITORA MALENA



ALUMNAS E TRABALLOS DE *PATCHWORD* COA SÚA
MONITORA CONCHA MONTES



Do 26 de Xullo ó 6 de Agosto desenvolveuse o 10º CURSO DE GRAVADO ALFONSO COSTA, que impartiu o propio Alfonso Costa, coa colaboración de Toñeta Castro e Ana Cambeiro. Finalizado o curso entregáronse, como xa vén sendo costume, os premios e diplomas ós cursillistas.



ENTREGA DE PREMIOS E DIPLOMAS ÓS ALUMNOS DO
10º CURSO DE GRAVADO ALFONSO COSTA

Mencionaremos os 1^{os} premios dos Grupos A, B e C, que recaeron en IRENE SILVA COTTON, ESPERANZA FILGUEIRA e MARIÑA FERNANDEZ REINO, respectivamente. Premio “Á Creatividade” para THAMAR PÉREZ, premio “Gravado Alfonso Costa” para MANUEL CASTRO e Premio Especial “Alfonso Costa” para ESTEBAN ROMERO. O xurado que concedeu estes premios estivo composto por D^a Carolina Muñiz, Directora do Museo de Gravado de ARTES, D. Manuel Ayaso, artista plástico, e o propio Alfonso Costa como secretario.

Do 9 ata fin de agosto foron expostos 130 traballos realizados durante este curso, na sala de exposicións, que foi moi visitada.

Celebrouse o III CAMPAMENTO DE VERÁN LICEO DE NOIA, nos terreos de Ceilán, dende o 2 ata o 8 de agosto.



ALGUNHAS ACTIVIDADES DOS RAPACES QUE ASISTIRON
Ó III CAMPAMENTO DE VERÁN LICEO DE NOIA

O día 22 de Agosto as alumnas do Grupo de Danza Moderna da Sociedade Liceo ofrecéron-nos unha mostra das súas habilidades nesta actividade, que resultou moi lucida.



INSTANTÁNEAS DIVERSAS DA ACTUACIÓN DAS
NENAS DE DANZA MODERNA



Dende principios de setembro os sres. Socios poden retirar as súas participacións de Lotería de Nadal (Nº 61.337), nun máximo de 20 €, ata o 6 de Decembro. A partir desta data despacharase libremente, ata que se esgote.



Tal como estaba previsto na base 5 da convocatoria, o día 28 de Agosto fallouse o “I CONCURSO DE CONTOS LICEO DE NOIA”, que foi convocado co gallo do Día das Letras Galegas. Resultou gañadora **Beatriz Dacosta Molanes**, natural de Cangas do Morrazo (Pontevedra) co conto titulado *Goodbye my friend*. O xurado estivo integrado por D. Xosé Moas Pazos, como presidente de honra, o crítico literario Xavier Castro, o escritor Francisco Fernández, o literato Bieito Iglesias, e o directivo do Liceo Ramón Carredano, como secretario. Cabe destacar que se presentaron a concurso 52 contos, considerando o xurado que foi unha participación extraordinaria en canto ó seu número.



O XURADO DO I CONCURSO DE CONTOS LICEO DE NOIA



O día 10 de setembro finou o noso inestimable colaborador MANUEL HERMIDA IGLESIAS. A súa morte causou fondo pesar nos distintos sectores da sociedade noíesa. Afeccionado á lectura, recopilou un importante arquivo documental. Entre os acompañantes do féretro, que foi enterrado no panteón familiar de Santa María a Nova, encontrábanse o noso presidente D. Xosé Moas Pazos e D. Antonio Pérez Insua, alcalde de Noia. Dende aquí expresámoslle á súa viúva, Virtudes Otero, fillos, netos e demais familia, o noso pesar.



O día 29 de Agosto o Grupo de Danza Española “Hierbabuena” da nosa Sociedade, que dirixe Beatriz Gamborino, fixo a súa presentación oficial no Liceo, que resultou moi brillante, cun salón ategado de público.



ACTUACIÓN DAS COMPOÑENTES DA ESCOLA DE DANZA ESPAÑOLA “HIERBABUENA” DO LICEO



O noiés, ALEJANDRO PETISCO MONTES, socio do Liceo e fillo do noso compañeiro na directiva, Alejandro Petisco Abeijón, proclamouse campión galego de ciclismo absoluto en categorías máster 30 (de 30 a 40 anos) e ciclodeportista, tras disputar a proba que a tal efecto se celebrou na localidade pontevedresa de Pontearreas.

Petisco, que está casado cunha vilagarciana, pertence ó Club Ciclista Lobeira-Deportes Rodas de Vilagarcía de Arousa, e compaxina perfectamente a súa profesión de avogado, coas súas obrigas familiares e a afección ó ciclismo que lle vén a Alejandro dende hai tres anos, cando comezou cuns amigos a práctica deste deporte na bicicleta de montaña. Unha vez que probou en estrada, decidiu non cambiar de trazado. Percorre unha media de 8.000 quilómetros anuais, case todas as fins de semana e no verán.

NORABOA! o avogado noiés e que sigan os éxitos.



Os días 19 e 20 de agosto, o Grupo de Teatro do Liceo que dirixe Manolo Sabín, representou no salón a obra de Muñoz Seca, “A Vinganza de Don Mendo”. Os compoñentes deste Grupo fixeron un esforzo extraordinario para poñer en escea esta representación, que valeu a pena pola magnífica interpretación da obra, que resultou moi vistosa e entretida. Os dous días foron plenos de público, que saíu moi satisfeito.



O día 28 de Agosto, LXXVI Aniversario da Fundación da Sociedade Liceo, celebramos unha misa na igrexa de San Martiño, cantada pola nosa Coral Polifónica, en memoria dos socios finados. Pola noite baile coa orquestra “Ceniza”.



CHEGADA A META DE ALEJANDRO PETISCO NA PROBA CICLISTA NA QUE SE PROCLAMOU CAMPIÓN

Xa están en marcha as actividades para o curso 2004-2005. Do 13 de setembro ao 31 de xullo: *aikido*, culturismo, *taekwondo*, tenis de mesa e ximnasia de mantemento. Do 1 de outubro ó 30 de xuño: baile galego, danza española, danza moderna, encaixe de palillos, escola de teatro, gaita galega, manualidades, música coral, música de guitarra, pandeireta, patchword, pintura, debuxo e xadrez.

O Aikido é unha nova arte, que se implantará en caso de anotarse suficiente número de alumnos. Circunstancia que xa ocorreu co *full contact*, que houbo de suprimirse por falta de alumnos.



PODIO DE GANADORES CO LETRADO NOIÉS PETISCO MONTES NO MÁIS ALTO DO CAIXÓN



Ramón Carredano Cobas

Historia do Liceo

(XVI)

Previa Solicitude ao Excmo. Gobernador Civil, o día doce de Decembro de 1.962, celébrase Xunta Xeral Extraordinaria coa seguinte orde do día:

- A) Lectura e aprobación da acta anterior se procede.
- B) Estado de contas, e aprobación das mesmas.
- C) Rogos e preguntas.

Lida e aprobada a acta anterior, dase lectura ao estado de contas, que é o seguinte: Entradas: 225.311,22 Ptas; saídas: 177.618,0, que con 28.338,24 retidas para o pago do alugamento social, 14.832,56 existentes na conta da Caixa de Aforros, máis 9.527,37, suman 47.693,17, que, cos anteriores gastos, fan un total de 225.311,22 Ptas.

As contas son aprobadas, e, curiosamente, dase por concluída a Xunta sen rogos nin preguntas, o que non deixa de resultar estraño, dada a situación da Sociedade, nun ambiente enrarecido, polos enfrontamentos cos propietarios do edificio social, pola marcha das obras do novo edificio, e as controversias cada día maiores, entre a Xunta Directiva e un importante sector de socios.

Este ano a Sociedade xoga á lotería do Nadal a cantidade de mil pesetas ao número 30.369, e acórdase regalar ao Hospicio cincuenta pesetas do mesmo número, repartíndose entre os socios a cantidade de trinta e catro mil novecentas cincuenta.

Asemade acórdase enviar ao Concello un donativo de cen pesetas para o Nadal do Necesitado.

O día trece de Abril de 1963, reúnese a Comisión Especial pro edificio, e o Presidente deu lectura do contrato firmado entre a Sociedade e o Sr. Mato en relación coas obras do edificio social. Asemade, léronse as minutas enviadas polo contratista Sr. Mato, en relación cos aumentos que el estima sobre a obra. Segundo as xestións realizadas pola directiva, acórdase que, como aínda o Estado non estableceu as bases para calcular a repercusión dos aumentos dos salarios, non se debe determinar

agora canto se debe abonar por tales conceptos.

Determinase polo tanto rematar a obra da casa, sen continuar coa sala de festas, e abonar ao contratista canto se lle deba até o momento, con reserva dos aumentos en canto o Estado non resolva sobre a materia.

Na acta do dez de Maio de mil novecentos sesenta e tres, o Presidente dá conta de ter recibido unha comunicación do “Círculo Mercantil e Industrial” de Santiago, ofrecendo relacións de reciprocidade ou correspondencia entre ambas sociedades en beneficio dos socios, para o mutuo uso dos locais e servicios en toda época e aínda nas ocasións nas que se celebren festas, reunións, conferencias, etc.

A xunta directiva expón ao Círculo Mercantil e Industrial as seguintes condicións:

- a) Os socios de número do Círculo Mercantil e Industrial de Santiago terán os mesmos dereitos de uso e aproveitamento que os socios de número desta Sociedade, para o que deberán presentar cando a directiva ou os empregados llo requiran, a documentación que o xustifique en calidade de tal, acompañado do recibo de estar ao corrente do pago da cota do mes.
- b) Os socios do Círculo Mercantil e Industrial terán as mesmas obri-

gacións, que os desta Sociedade, podendo a directiva suspender a entrada daquelas persoas que polo seu comportamento non se fagan acredores a estes dereitos, dando conta á citada Sociedade para ser sancionado de acordo co seu regulamento.

- c) Os socios do Círculo Mercantil non estarán obrigados a abonar cota ningunha polo uso e aproveitamento da Sociedade sempre que a súa permanencia nesta vila sexa inferior a un mes, e terán libre acceso a verbenas, bailes, conferencias, reunións —que non sexan de carácter corporativo— e tódolos demais actos culturais ou sociais que se celebren previa presentación do documento e recibo expresados no apartado a).
- d) Estes mesmos dereitos e obxeccións teranos os socios de número da Sociedade Liceo con respecto ao uso e aproveitamento da sociedade Círculo Mercantil e Industrial de Santiago.

Unha vez sexa aprobado ou ratificado canto antecede polo Círculo Mercantil e Industrial de Santiago, e se reciba copia certificada da acta do acordo que así o xustifique, entrará en vigor o acordo.

Na acta do vintedous de Xuño, o Presidente dá conta de ter recibido un saúdo do presidente do Círculo Mercantil e Industrial de Santiago, propoñendo a correspondencia entre ambas sociedades, que é aprobada nos termos expostos pola Sociedade.

A pesar da cantidade de baixas que figuran nas actas destes meses, e do esforzo económico que a Sociedade está facendo para a realización da obra do edificio social, nesta mesma acta, acórdase facer un donativo de duascientas cincuenta pesetas ao Asilo Municipal, para a compra dun televisor.

O dous de Agosto de mil novecentos sesenta e tres vólvese a reunir novamente a Comisión Especial pro-edificio, coa seguinte orde do día:

Autorización para solicitar dunha entidade de crédito un préstamo para a continuación das obras do edificio social, e outros extremos.

O Presidente dá conta da necesidade de solicitar un préstamo para a continuación das obras, e a confección dos ventanais metálicos para o edificio social.

A Comisión acorda facultar ao Presidente para solicitar o citado préstamo, outorgándolle amplísimos poderes sen limitación algunha de cantidade, intereses nin vencementos, podendo garantir o citado préstamo con hipoteca sobre o terreo propiedade da Sociedade, así como sobre as obras realizadas no mesmo.

En relación cos ventanais metálicos, acórdase admitir o presuposto presentado por Don Juan Antonio Caamaño Suárez, pola cantidade de sesenta mil pesetas.

Con data do vintedous se setembro, vólvese a reunir a devandita Comisión pois, como consecuencia dos aumentos legais establecidos polo Goberno, o contratista Sr. Mato reclama a cantidade de cento oitenta e dúas mil pesetas.

Declara o Sr. Presidente que o Sr. Mato reclama esta cantidade partindo da base de que o un de Xaneiro, data do citado aumento, tiña executada obra por valor de trescentas mil pesetas, téndolle xa entregado a Sociedade a cantidade de catrocentas mil.

O que agora se somete a aprobación pola Comisión Especial é se se debe pagar ao contratista a cantidade que reclama.

A Comisión acorda abonar a cantidade reclamada. Nembargantes, o Presidente, aínda aceptando a decisión da Comisión, maniféstase en contra do aumento por consideralo excesivo, xa que segundo os seus cálculos solicita vintenove mil sesenta e nove pesetas con sesenta céntimos máis do que lle corresponde, sendo da mesma opinión os demais compoñentes da directiva, así como algúns dos señores asistentes.

A Sociedade vese polo tanto na obriga de pagar ao contratista, Sr. Mato, a cantidade de trescentas sete mil novecentas sesenta e catro pesetas con un céntimo, e, dado que o saldo efectivo na conta especial para obras é de cento corenta e sete mil duascientas corenta e seis pesetas con corenta céntimos, a directiva acorda por unanimidade, na acta do once de Outubro de mil novecentos sesenta e tres, facultar ao Sr. Presidente para que xestione un crédito co Banco de La Coruña pola cantidade

de cento sesenta e unha mil pesetas, co fin de saldar a débeda.

A directiva ten présa por finalizar as obras do novo edificio, e o vintedous de Outubr, reúne novamente á Comisión Especial, para tratar da adxudicación da segunda fase do edificio social. Tras un prolongado debate sobre a conveniencia de realizar as obras por contrata ou por administración, a Comisión decídese pola segunda opción, facultando á directiva para concertar con quen conveña a realización das mesmas.

Acórdase tamén nomear compromisarios a Don Manuel Guerra Malvárez, Don Manuel Barreiro Gallardo, Don Miguel Fernández Vilas e Don Juan Gómez, para que, en unión de tres membros da directiva, escollan materiais e resolvan cantas cuestións xurdan na execución da obra.

O día doce de Decembro de mil novecentos sesenta e tres celébrase xunta xeral ordinaria, coa seguinte orde do día:

- A) Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- B) Estado de contas, e aprobación das mesmas.
- C) Elección de presidente.
- D) Rogos e preguntas.

Unha vez lidos e aprobados os dous primeiros puntos, procédese á elección de presidente, que deu o seguinte resultado:

D. Francisco de Andrés Pérez, 50 votos; D. Mario Pérez, 5 votos, D. Miguel Fernández, 3 votos; D. Segundo de Andrés, 2 votos; d. F. Pérez, 1 voto. Houbo ademais un voto en branco, e a directiva abstívose de votar. Foi polo tanto proclamado presidente D. Francisco de Andrés Pérez, para o bienio 1.964-65.

A nova xunta directiva queda polo tanto presidida polo Sr. de Andrés Pérez, ocupando os demais cargos os seguintes señores: Vicepresidente: D. Eladio Ronquete Viñas; Secretario: D. Isolino Nieto Caamaño; Contador: D. Mario Ronquete Viñas; Tesoureiro: D. José Diz Trigo; Bibliotecario: D. Primo Veiga Sedofoito; Vocal 1º: D. Manuel Cobas Vázquez; Vocal 2º: D. José Pestonit Brenlla.

Esta directiva foi a que, segundo consta na acta do día trece de Marzo de 1.964, o día vintecatro de Febreiro deste mesmo ano, trasladou a Sociedade ao novo local da súa propiedade, ao local sito na Alameda s/n, desaloxando o que até esta data viña ocupando, por transcorrer a prórroga do contrato de arrendamento, quedando a citada finca a disposición dos seus propietarios, como así se fixo constar na acta autorizada no seu día polo Sr. Notario D. Antonio Escribano Serrano, a requirimento do Sr. Presidente.

A Sociedade instalouse moi en precario, ocupando exclusivamente a planta baixa, para as súas actividades, pero así como se entraba nas exiguas instalacións, atopabámonos cun facheiro de letreiro escrito sobre unha parede:

“BENVIDOS Á NOSA PROPIA CASA”.



Entrevista

Concha Allut Vidal



Pepe da Roca

Licenciada en Arte e experta en actividades culturais, Concha Allut coñece como ninguén cada recuncho da Noia misteriosa, cada pedra da Noia artística e cada esquina da Noia eterna. Xente como ela non son só os gardiáns do noso pasado histórico-artístico, senón tamén as testemuñas do noso presente e mesmo os alicerces dun futuro venturoso.

Como coñecedora do patrimonio artístico de Noia, ¿Que obra, ou obras, destacaría sobre as demais?

A igrexa de Santa María “A Nova” (ano 1327) e a igrexa de San Martiño (ano 1434), son as obras que eu destacaría. Estas manifestacións arquitectónicas, representativas do mundo gótico galego, teñen categoría de monumentos desde o ano 1973, a primeira, e desde o ano 1931, a segunda. Considero que ninguén poder quedar indiferente ao contemplar e visitar estes templos.

A dicir dalgúns, estes templos teñen un poderoso encanto baseado no valor da luz simbólica e da articulación do espacio arquitectónico, isto polo que respecta ao interior. Tamén esa admiración lévase ao exterior de ámbolos dous conxuntos, pois o cemiterio de Santa María “A Nova” –clara testemuña da nosa memoria colectiva– conta con interesantes pezas artísticas e arqueolóxicas que conforman unha unidade co templo; polo que respecta á igrexa de San Martiño destaca a súa monumentalidade, que nos conduce a deternos ante a fermosa portada de clara temática reli-

xiosa, tamén chamada a “Biblia en pedra” por coincidir coa idea concreta da ensinanza da igrexa. Esta portada lembra a obra do Mestre Mateo no Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago.

¿Por que o museo das laudas de Santa María “A Nova” atrae a tantos visitantes estranxeiros?

A historia legounos o conxunto da igrexa e cemiterio de Santa María “A Nova”, este tesouro do século XIV resume o pasado económico, histórico e artístico de Noia.

No século XVIII un ilustre galego, Frei Martín Sarmiento, na súa obra *Viaxe a Galicia* (1745) recomendaba que era de ver a súa quintana de mortos. Máis recentemente as Laudas que se encontraban polo camposanto foron investigadas e estudias por Chamoso Lamas, Manuel Fabeiro Gómez, Alvaro de las Casas, Xepe Torres Reino...; a medida que publicaban e daban a coñecer o resultado da súa investigación axudaban a que as Laudas adquirisen un valor museable e a difusión destes estudos facilitaba o seu coñecemento e espertaba interese ao ser un conxunto que conserva máis de cincocentas Laudas Sepulcrais, comprendidas entre os séculos XIV e XIX, e de características únicas no mundo.

Tendo os fondos –as laudas, e o contador-igrexa e cemiterio– créase unha Exposición Permanente de Laudas Sepulcrais cun percorrido e paneis explicativos que axuda a comprender a singularidade e a importancia do conxunto.



É un exemplo único encontrar este “museo de Lau-
das” e tamén dos costumes funerarios. A súa rareza faino
atractivo ante os visitantes.

Tamén debemos considerar que a publicación de
guías de turismo e outros medios, que se fan eco dos
Museos, responden a un momento no que hai unha cre-
cente demanda do turismo cultural, de desexos de coñe-
cer e comprender as obras e os pobos.

**3.- *Á parte dos importantes monumentos relixiosos
que a Vila atesoura, ¿que obras de carácter civil son
dignas de mención polo seu valor histórico-artístico?***

No centro do casco histórico resaltaría os pazos urba-
nos medievais: O pazo Dacosta (ano 1339), o pazo da
Rúa do Forno do Rato, a Casa da Xouba, todos góticos.
Nas aforas do casco histórico o pazo da Pena do Ouro co
claustro románico do mosteiro de Toxosoutos; e citarei a
obra de enxeñería civil Pontenafonso,....

**4.- *¿Que nos queda da arte e arqui-
tectura popular?***

Asómbranos a labra e o oficio dos
nosos antergos ao ver o resultado dos
seus traballos no cruceiro medieval da
praza do Tapal e o do cemiterio de
Santa María A Nova, así como o cru-
ceiro de Eiroa, e aínda deixo moitos sen
citar.

Os muíños, poucos quedan en fun-
cionamiento; o máis próximo que temos
está na zona de Pedrachán nun pinto-
resco entorno. Lavadoiros a onde acu-
den aínda, pero cada vez menos, as
nosas veciñas. As casas mariñeiras
aprécianse por diferentes zonas do cen-
tro da vila.

Muíños, pombais, lavadoiros, cruceiros..., son exemplos da arte e da arquitectura popular, son as raíces do noso pasado rural, un refuxio estable que nos ofrece unha identidade sólida, polo que necesitamos que se conserve. Por outra banda os cambios na vida supoñen o abandono de formas da vida económica que conleva o abandono dos hórreos, dos muíños e con isto a súa progresiva desaparición. Por temor a isto e ante a crecente sensibilidade nacen modalidades de preservación que intentan e intentarán conservar a cultura material e inmaterial que pecha esta arte popular.

5.- *¿Deterase dunha vez para sempre a desfeita que tanto dano fixo ao noso patrimonio?*

A aprendizaxe, a lectura, a formación cultural, fainos moito máis sensibles á hora de apreciar e conservar, pero o máis importante é que á hora de facer obras de conservación teñamos unhas pautas e normas coa finalidade de que as intervencións a realizar en espacios históricos axuden a ordenar a actividade humana, ao tempo de convivir en harmonía cos espacios da historia.

Son optimista e penso que dado o interese pola cultura e a sensibilidade de toda a sociedade creárase unha concienciación da importancia do noso patrimonio, evitando, cunhas normas e pautas, a destrución do patrimonio.

6.- *¿Que hai de verdade nesa afirmación tan repetida de que Noia é berce de artistas?*

No libro titulado *Galicia Artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX* por José Couselo Bouzas, publicado no ano 1933, o escritor dedícalle un capítulo a Noia no que di: “a fermosa e atractiva vila de Noia contou en todo o século XVIII e parte do XIX, cun número relativamente grande de artis-

tas, algúns dos cales figuran en primeira liña entre todos os de Galicia de dito tempo”, e continúa: “Ningunha vila galega nin cidade que non sexa capital, pode gloriarse de posuír unha escola escultórica do empuxe que foi berce de Felipe de Castro e Ferreiro”.

Esta frase ratifica que Noia foi, é —pois os nomes dos artistas actuais traspasaron as fronteiras galegas— e será terra de artistas.

7.- *Noia é coñecida en moitos ámbitos como a vila de Felipe de Castro. ¿É tan importante ese artista para nós cando xa pasaron 300 anos do seu nacemento?*

Curiosamente para nós é moi familiar esa frase “a vila de Felipe de Castro” pero, por raro que pareza, son moitos os que na súa primeira visita á vila non relacionan a figura do escultor con Noia, nin coñecen moito da súa vida.

Nese sentido nós, como noieses estamos obrigados a que se coñeza e divulgue a obra e a contribución cultural e artística deste escultor neoclásico, investigador e crítico de arte que desenvolveu a maior parte da súa obra en Madrid, sendo a súa obra en Galicia moi escasa. Pero dispuxo no seu testamento a creación da Escola de Primeiras Letras e Gramática na súa vila natal.

Por iso sempre é un bo momento para facer esa labor de difusión da obra e vida dos nosos artistas.

8.- *A música e as artes escénicas teñen aquí un enraizamento moi grande, ¿Como se desenvolven as súas actividades?*

A afección que sempre despertou entre os noieses a dedicación ao teatro e á música procurou a creación e nacemento de grupos que cultivaban eses campos. A creación do Coliseo Noela no ano 1921 demostra un desenvolvemento e madurez cultural da vila para levar adiante este proxecto de iniciativa particular.

Hai un fondo e perdura a estela; hai canteira de artistas do mundo do espectáculo, da danza e música e hai unha excelente infraestrutura cultural co renovado Teatro “Coliseo Noela”. Todo isto facilita a creación e mantemento de grupos: dúas Corais; unha Banda Municipal de Música con cerca de cincuenta membros; un Conservatorio Municipal; cinco grupos de teatro; grupos de baile Galego, español, *ballet* e danza moderna; tres grupos de música galega tradicional; compositores profesionais... Son os alicerces que crean un público que sabe atender, escoitar e ver un espectáculo; un público que responde ante a oferta das actividades programadas.



Antonia Pérez Froján
(PREMIO "TALLERES EMILIO" 2004)
Escola de Gravado A. Costa (Liceo de Noia)

O mar

Manuel Güeto Soñora, un noiés no naufraxio do Castillo de Bellver



Xosé Agrelo Hermo

Na madrugada do 6 de agosto de 1983 o petroleiro da Empresa Nacional Elcano *Castillo de Bellver* navegaba a 65 millas da costa de Cidade do Cabo en África do Sur, con forte vento e mar groso do Oeste, cando saltou unha labarada no costado de babor a media eslora, sonou a alarma e inmediatamente unhas feroces lapas estendéronse pola cuberta e polo mar deixando o barco sen propulsión aos poucos minutos. Era a unha e media da mañá e, á vista da desesperada situación, o capitán, Alfonso Cibera, deu a orde de abandono de buque ás dúas e cuarto. Cando xa no bote fan reconto da xente, danse

conta de que dos 36 tripulantes – dúas eran mulleres de oficiais – faltan tres traballadores da máquina: o primeiro de máquinas, José Pérez Alcántara; o segundo, Alfonso Bandín Pérez; e o mecánico noiés Manuel Güeto Soñora. Ao mencer, os sobreviventes, entre os que había 19 galegos, foron rescatados con bastantes dificultades polo pesqueiro de bandeira surafricana *Harvest Carina*, que ouvira o SOS e que os levou a Cape Town.

O *castillo de Bellver*, que naquel momento era o buque máis grande da frota española, fora construído en Puerto Real (Cádiz) en 1978 e desprazaba un peso de 271.540 Tns. cunha capacidade de tanques de carga de 314.000 m³. propulsado



MANUEL
GÜETO SÓNORA



PREPARATIVOS PARA O REMOLQUE DA PROA A AUGAS MÁIS PROFUNDAS


por unha turbina de vapor “General Electric” de 36.000 SHP. As súas medidas eran abraiantes: 334 metros de eslora, 55 de manga e 20,40 metros de puntal.

O petroleiro saíra de Zirku Island, nos Emiratos Árabes Unidos, o 20 de xullo cunha carga de 252.000 toneladas de cru con destino a Cartagena, a onde tiñan previsto chegar o 21 de agosto, pero o tremendo incendio orixinado a bordo que partiu o barco en dous, coutou para sempre as súas singraduras deixando tras de si unha das maiores mareas negras que se deu na historia dos naufraxios. A prensa daquela época falou dunha indemnización de 100 millóns de libras esterlinas (uns 22.000 millóns de pesetas) aparte dos 50 millóns de libras para cubrir o barco e a carga, que estaban asegurados na “Lloyd’s” londinense e na española “Musini”. Curiosamente os danos por contaminación estaban cubertos pola compañía “Britannia Steam Ship Insurance Association”, a mesma que aínda tiña sen pagar o importe da polución causada polo naufraxio do buque *Urquiola* fronte á Coruña en 1976 e de tan triste recordo para os galegos.

Mentres o goberno surafricano poñía o grito no ceo e os tribunais a andar, a opinión pública mundial pedía maiores medidas de seguridade no mar, as compañías aseguradoras falaban de cifras astronómicas e a proa do barco, parte a flote, era remolcada lonxe de terra até 2.000 metros de profundidade —¿que nos lembra esta manobra?—, unha familia noíesa choraba sen esperanza a perda do ser querido, desaparecido aos 42 anos a miles de millas da súa casa de Taramancos.

Manuel Güeto Sóñora, nacido en Noia o 23 de marzo de 1941, fora na súa xuventude árbitro de fútbol e Presidente do equipo Gravilla do Couto. Durante algúns anos traballou no taller de reparacións de Navais Barcia e en 1968 incorporouse como mecánico naval á Empresa Nacional Elcano. Era, pois, un veterano con quince anos de experiencia ás súas costas, servindo sempre á mesma Compañía. No momento do seu pasamento Manuel Güeto deixaba unha xove viúva de 36 anos, María del Carmen Paz Fariña, e tres fillos de curta idade: María Susana, de 14 anos; Ana Belén, de 10, e José Manuel, de 6 anos, vivindo na aldea de Taramancos. Nin sequera seu irmán Ricardo puido vir consolalos, por atoparse nese intre a bordo doutro barco no Golfo Pérsico.

Pola recente e trágica experiencia do naufraxio do *Prestige* nas nosas costas, a todos nos asusta pensar nos efectos das tan temidas mareas negras que se repiten con demasiada frecuencia a causa da desmedida ambición



O CASTILLO DE BELLVER ARDE NA
NOITE SURAFRICANA

das grandes multinacionais e da conivencia dos gobernos que non poñen os medios necesarios para previr e paliar estas desgrazas. Pero, ás veces, como neste caso, a situación agrávase coa perda de vidas humanas que as empresas valoran aínda menos que uns barrís de petróleo, porque para o mercantilismo feroz todo se reduce a cifras de libras, pesetas, dólares ou euros, que tanto ten, e a man de obra para eles sempre é barata. Sábeo ben a familia de Manuel Güeto e todos os mariñeiros que, día a día, se xogan a vida para sobrevivir. Para todos eles o noso respecto e admiración.

De Moscú a San Petersburgo: Unha viaxe pola terra dos Zares e a Rusia de Vladímir Putin



Xerardo AgraFoxo

A noticia esvarou polo rostro dos turistas de maneira inqueda. Os controis na capital rusa son cada día máis exhaustivos. Nas portas do Kremlin ou no Mausoleo de Lenin, nas bocas do metro ou nas entradas aos principais teatros, grupos de militares controlan cada movemento. Buscan a unha terrorista chechena. Unha viúva negra sen posibilidades de realizarse na vida e disposta a inmolar-se como resposta á política de *terra queimada* practicada polo presidente Vladímir Putin nas terras do Cáucaso.

Malia este contratempo a capital rusa amosa unha faciana engaiolante. Fundada no ano 1147 a carón do río Moscova, evolucionou nun esquema radial-anular a partir da fortaleza ou *kremlin* construída para na Idade Media defenderse das invasións mongois. A súa antigüidade converte a cidade nun dos lugares de maior concentración de catedrais, mosteiros, museos e edificios de incalculable valor histórico.

Pola súa evocadora imaxe a primeira visita semella inaprazable. Comeza pola Praza Roxa ou Fermosa. O corazón da cidade proxectado no século XIV polo zar Ivan III a partir dun antigo mercado, e delimitado polo Kremlin, os elitistas almacéns GUM, o Museo Histórico e o perfil estilizado da catedral de San Basilio. Sen dúbida un dos conxuntos arquitectónicos máis espectaculares do mundo. A carón da muralla vermella

atópase o Mausoleo de Lenin. Un edificio de planta piramidal que garda nunha urna os restos mortais do líder bolchevique morto no ano 1924. Detrás do faraónico panteón atópanse as tumbas e os nichos doutros personaxes como Yuri Gagarin, Máximo Gorki, Josef Stalin e o americano John Reed, inmortalizado por Warren Beatty en *Reds*.

O Kremlin, situado encol dun outeiro erguido 40 m. sobre o Moscova, está fortificado coa muralla de ladrillo vermello de 2 Km. de perímetro e 20 torres. No interior triangular deste símbolo da historia viva de Rusia pode contemplarse as antigas residencias de fachadas brancas e amarelas convertidas en museos; a Praza das Catro Catedrais coas súas cúpulas douradas tipo cebola; os edificios administrativos como o Senado, Presidium do Soviet Supremo e Congres; e a Praza de Iván, que alberga a campá do zar Boris Godunov, composta de 213 toneladas fundidas en 1735 para unha igrexa destruída por un incendio, e o canón de 40 toneladas cun fuste de cinco metros de longo.

No exterior sobresaí a Catedral de San Basilio, erguida entre 1555 e 1561 para conmemorar a vitoria de Iván o Terrible sobre os tártaros e a conquista de Kazán. Polo seu colorido e as súas fantásticas cúpulas retorcidas constitúe un exemplo da arquitectura relixiosa ortodoxa e o símbolo máis recoñecido da capital.

A cidade é inmensa e inabordable para os turistas apresurados. Mide 40 por 30 Km. Viven nela máis de 15 millóns de habitantes. As distancias son enormes. As rúas están ateigadas de xente ata a medianoite, pero os museos pechan ás cinco da tarde. Apenas hai taxis, semáforos e pasos de peóns. Os tranvías son inabordables e o metro, malia a súa lograda enxeñería e perfecto funcionamento, semella un labirinto polas indicacións cirílicas. Os atascos son moeda cotiá. Dende a abrupta caída do réxime comunista automóbiles anticuados compiten cos

Mercedes e BMW dos novos ricos. Despois de sete décadas de restrición consumista e colas insufríbles, Moscú é un gran panel publicitario. Unha auténtica revolución para a mentalidade rusa que rexeita calquera marcha atrás, aínda que na capital viven varios millóns de persoas que soportan as consecuencias da desigualdade xigantesca, o crime organizado e a corrupción.

A complexidade desta megalópole obriga a unha selección das visitas. Aproveitando o centenario da morte de Antón Chejov algúns viaxeiros camiñan ata o convento de Novodévichi, o monumento máis visitado de Rusia despois do Kremlin. Cinguido por un río, que lambe con suavidade os seus muros brancos, atópase un



MURALLA VERMELLA DO KREMLIN E CÚPULAS DOURADAS DAS CATEDRAIS

sorprendente cemiterio. Na suxerente paraxe descansan, amais dos restos do autor de *A gaivota* e *Tío Vania*, os de Nicolai Gógol, Vladímir Maiakovski, Nikita Krushev, Satanislavski e o autor de *O acorazado Potemkin*, S. M. Eisenstein.

Nesta parte da cidade atópase a Casa Museo de León Tolstoi. A residencia solitaria onde viviu o novelista desde 1882 a 1901. No seu interior, sobrio e reconfortante, consérvase o estudo onde escribiu *Resurrección*, *A morte de Iván Ilich* e *a Sonata a Keutzer*, a súa bicicleta, o piano, os seus libros favoritos e os recordos máis prezados da familia. Como noutros museos do país, anciás espalladas polos diferentes cuartos controlan a escasa afluencia de visitantes. Son persoas contratadas para contrarrestar as míseras pensións de xubilación. No patio consérvase a pequena editorial creada polo narrador para publicar as súas obras. Malia o acougo que se respira no lugar, o pai de *Guerra e Paz* fuxía de Moscú para illarse na súa finca de Yasnaia Poliana para concebir en contacto íntimo coa natureza a filo-



PRAZA ROXA E CATEDRAL DE SAN BASILIO COAS SÚAS CÚPULAS TIPO CEBOLA

sofia *tolstoiana*, precedente das teorías pacifistas do Mahatma Gandhi.

No corazón da cidade a vida corre a un ritmo máis acelerado. As grandes marcas da moda, os cafés máis recoñecidos e empresas multinacionais están a controlar a *city* invadida por galerías comerciais, hoteis de luxo, casinos e cabarés. O cambio de réxime, cara a adaptación da economía de mercado, semella un vieiro complicado porque a maior parte da poboación sofre as consecuencias do chamado *capitalismo dos bandidos*. Existen mafias dos medicamentos e das riquezas enerxéticas. Tamén as que controlan os mercados das flores, os medios de comunicación e o sector inmobiliario. A clase media desapareceu na transición mentres xorden millonarios como Roman Abramovich, o propietario do Chelsea, ou Mijaíl Jodorkovski, o magnate da empresa petroleira Yukos, neste intre no cárcere por evasión de divisas. Os anciáns añoran o vello sistema comunista.

No arrabalde de Arbat, foco do informalismo cidadán contra o comunismo, reflíctese unha nova vida. Alonxado dos rañaceus stalinistas atópase este pintoresco espacio que fora o escenario onde Boris Pasternak concebira as escenas entre a libidinosa Lara Antipova, inesquecible Julie Christie, e o *Doutor Zhivago*. Existen numerosas tendas de recordos, restaurantes de comida rápida, *boutiques* inaccesibles e músicos que conviven coas estatuas de Natalia Goncharova e Alexander Pushkin. O autor de *A filla do capitán* retou a un insolente pretendente da súa amada. O 27 de xaneiro de 1837 o gran poeta enfrontouse ao seu opoñente nun bosque nevado ao norte de San Petersburgo. Danthés disparou primeiro e Pushkin caeu ferido. Morreu dous días despois, con 38 anos.

Os últimos días na cidade son para visitar o Museo Tretyakov, a antiga sede da KGB, o Teatro Bolshoi e o Estadio

Lenin. Tamén para coñecer as estacións de metro máis sobranceiras e vixiadas e percorrer o leito serpeante do Moskova dende as murallas do Kremlin ata a *Casa Branca*. O nome co que popularmente se coñece este edificio onde en 1991 Borís Yeltsin, vencendo a súa debilidad polo vodka, subiu a un carro de combate e parou o golpe contra Mijaíl Gorbachov. Durante os días de estadía na capital rusa ninguén se atreve a acudir a unha representación artística por medo a que se repitan as escenas do ano 2002, cando un comando suicida checheno tomou o teatro Dubrovka. A intervención das forzas de seguridade de Vladímir Putin provocou a morte de 40 terroristas e 150 reféns que foron gaseados desapiadadamente. Algúns turistas visitan o Club Rasputín, onde un grupo de políticos de Baleares pagara unhas semanas antes os servicios máis selectos cunha Visa oficial.

A realidade rusa albíscase máis cruda no Anelo de Ouro. Un conxunto de vilas de tradición medieval que cinguen o territorio moscovita. A paisaxe humana é semellante á xa albiscada noutros países que estiveron baixo a influencia soviética. As contradicións son máis evidentes. Impoñentes conxuntos monumentais e cida-



CATEDRAL DE CRISTO SALVADOR NAS MARXES DO RÍO MOSKOVA



MONUMENTO A REVOLUCIÓN COMUNISTA SOBRE O LEITO DO RÍO MOSKOVA



CEMITERIO DE NOVODIEVICHY ONDE DESCANSAN OS RESTOS DE ANTÓN CHEJOV E NICOLAI GOGOL

des de clara raigame zarista conviven cunha cidadanía empobrecida. Aquí os dilemas que espreitan ao pobo ruso son unha abraiante realidade. As estradas atópanse en mal estado, as casas presentan un aspecto ruinoso e os automóviles son vellos. A pobreza é un mal extendido entre a meirande parte da poboación. As novas leis de reformas sociais ditadas por Putín son unha ameaza para estas xentes. O Estado suprimiu nestes días as prestacións gratuítas para millóns de persoas. A Duma quere transferir os gastos sociais, asumidos ata agora polo Goberno central, ás diferentes rexións. Téntase transformar a Seguridade Social nun servizo á carta. Cada enfermo pagará co seu diñeiro a súa atención, pero o salario medio dun mestre non chega aos 100 dólares e as pensións de xubilación están por debaixo dos 50 dólares.

As cidades do Anelo de Ouro constitúen o testemuño máis salientable da riqueza monumental deste país. O mosteiro da Trindade de Serguei Posad atópase repleto de peregrinos que asisten aos oficios cunha profunda devoción e visitan a tumba do zar Boris Godunov, a súa muller e os seus dous fillos. Dentro do kremlin branco da vila de Rostov érguese un dos conxuntos conventuais máis impresionantes de Rusia. A cidade de Yaroslav semella unha Florencia decrépita, pero rica en manifestacións artísticas e arquitectónicas de diferentes épocas e estilos ao enclavarse nun privilexiado cruce de camiños. En Suzdal pode realizarse unha viaxe a través do tempo. Magníficos mosteiros rivalizan con aldeas de tradición arcaica, mercados populares e máis de 100 monumentos

artísticos que conviven nun espacio de tan só 8 km². Vladímir é a xoia branca entre as cidades medievais rusas. A visita paga a pena aínda que só sexa para admirar os frescos do mestre Andrei Rublev na catedral da Adormición, e contemplar a cúpula dourada ergueita cara o ceo como unha frecha e os baixorrelevos que adornan cos seus 1.300 motivos a fachada da Catedral de San Demetrio.

Preto destes lugares atópase a pequena vila de Peredelkino onde Boris Pasternak vivía adulteramente con Olga Ivinskaia. A amante que inspirou co seu sorriso cómplice e a súa ollada azul o personaxe de Lara. Máis ao sur está a estación ferroviaria de Astápovo a onde chegou logo de catro noites de fuga León Tolstoi. Unha viaxe imposible despois de 48 anos de matrimonio con Sofía. Un enigma protagonizado por un ancián na procura dunha morte tranquila.

Unha transgresión tan desesperada como a protagonizada pola sensual *Ana Karenina*. Tamén morta a carón das vías do expreso Moscú-Leningrado, o


mesmo que se toma para chegar ata San Petersburgo. Unha muller tirada das películas de espías rusos controla con autoridade cada vagón con compartimentos confortables e adecuadas medidas de seguridade para evitar os roubos. Aos viaxeiros ofrécenlle unha cea fría e un fato de xornais que ninguén entende. O tren parte cunha puntualidade que sería inviable no Talgo, sen dúbida, *o máis puntual do mundo*, porque sempre chega á súa hora, é decir, unha máis tarde. O desprazamento pola chaira eslava semella acougante ante a esperanza de coñecer os encantos da cidade báltica.

Unha xoia arquitectónica fundada hai 300 anos polo zar Pedro o Grande nunha marisma desoladora. Unha das cidades máis fermosas de Europa. Unha fiestra cara a occidente que durante o século XX cambiou tres veces de nome, resistiu a invasión napoleónica, o asedio nazi durante 900 días e alberga no seu interior o Ermitage construído pola ninfómana Catalina II e transformado dende a Revolución de Outubro de 1917 nunha pinacoteca comparable coa do Louvre e a do Prado.



MOSTEIRO MEDIEVAL NA ROTA DO ANELO DE OURO QUE CINGUE A MOSCÚ POLO NORTE

San Petersburgo é unha cidade que conserva no seu entramado e na súa disposición sobre as augas xeadas do Neva unha faciana semellante á de París ou Venecia. O escenario máis privilexiado da caída do zar Nicolás II ten moitos lugares de interese turístico e maravillosas paisaxes. Dividida en dúas partes pola Prospekt Nevski, coma se fose unha espiña de peixe alongada, semella un conxunto monumental exemplar. Na marxe dereita do Neva atópase o arrabalde administrativo de Vassilievsky e a antiga Petrogrado onde se ergue a fortaleza de Pedro e Pablo, que tivo como prisioneiro máis ilustre a Fiódor Dostoevski. Na catedral do mesmo nome están os restos dos Romanov e a capela da familia do último zar executada por orden de Lenin na medianoite do 17 de xullo de 1918 en Ekaterineburg.



MOSTEIRO EN KREMLIN DA VILA DE ROSTOV. UN ESCORIAL EN PEQUENO.

Durante décadas os cadáveres estiveron espallados nun bosque situado no corazón dos Urais. As confesións de Yakov Yurovsky, comandante do pelotón de fusilamento, e a teima de dous investigadores posibilitaron a súa localización setenta anos despois. As probas de ADN realizadas no instituto de Rockville de Maryland, a partir do duque de Edimburgo, home da raíña Isabel II de Inglaterra, confirmaron a autenticidade dos restos do zar Nicolás II, a zarina Alexandra, as fillas Olga, Tatiana e Anastasia. Tamén se certificou a identidade dos serventes máis leais: a criada Ana Demídova, o axudante de cámara Alexi Trupp, o cociñeiro Ivan Kharinotov e o médico Eugéne Botkin. O zarevich e a súa irmá María foran incinerados. Morría desta maneira a aventura de Anna Anderson, unha campesiña polaca, orixinalmente Franziska Schanzkowska, que durante anos se fixo pasar pola gran duquesa Anastasia. Para evitar peregrinacións incómodas, a casa Ipatiev, onde se cometeu o magnicidio, foi derrubada por un dirixente local do partido comunista chamado Boris Yeltsin, o mesmo que propiciou o traslado das cinzas imperiais á catedral de San Pedro e San Pablo.

A carón da imponente fortaleza está ancorado o cruceiro *Aurora*. A embarcación que as 9.40 do día 25 de outubro de 1917 deu o sinal para asaltar o Pazo de Inverno onde vivía indolentemente Nicolás II e o seu



TÍPICA CASA DE MADEIRA NA VILA DE SUZDAL

protexido Grigori Rasputín, asasinado polo príncipe Félix Yusupov un ano antes. Un dos crimes máis lúgubres e complicados da historia. Primeiro envelenárono con pasteis mesturados cunha dose de cianuro suficiente para matar a un cabalo, logo pegáronlle tres tiros no peito e bateron a súa cabeza cunha pala antes de abandonalo nas augas xeadas do Neva. Tres días despois atoparon o seu cadavre agarrado a unha ponte. A auga dos pulmóns revelou que morrera afogado. Unha mágoa para a volup-



VILA MEDIEVAL DE VLADÍMIR CON IGREXA ORTODOXA E TORRE BRANCA DO ANTIGO KREMLIN

tuosa zarina Alexandra e o pequeno Alexis. O sufrido monxe era a única persoa que mediante a hipnose curaba os ataques de epilepsia do *zarevich* hemofílico, a grave enfermidade que tamén herdaron os seus parentes da Zarzuela.

Na marxe esquerda do río érguese coma unha inmensa nave o Ermitage. Malia a importancia da súa colección pictórica, ategada de cadros de todas as épocas, a característica máis salientable do edificio barroco construído por Rastrelli a finais do século XVIII é a riqueza do seu interior: o teatro de Quarenghi, as loxas de Rafael, as diferentes salas de audiencia, as galerías vidradas e as escaleiras de mármore. Unha fastuosidade nunca vista noutros pazos europeos.

Rivalizando con esta monumental obra atópase ás súas costas a igrexa do Sangue Derramado e a Catedral de San Issac. A primeira, chamada así por erguerse no lugar onde fora asasinado o zar Alexandre II o 1 de marzo de 1881, constitúe un templo único no mundo pola riqueza dos mosaicos que recubren a totalidade do seu interior con escenas relixiosas. A segunda é unha colosal construción que asenta, a semellanza da catedral de San Marcos veneciana, as súas 300.000 toneladas nunha marisma ategada de pilotes de madeira.

Para despedirse da cidade é necesario visitar o mosteiro de Alexandre Nevski onde descansan os restos de Fiódor Dostoievski. Tamén coñecer a lúgubre casa que tivo o escritor no arrabalde de Sesnaia Plóschad onde arranca a patética historia do abrumado Rodión Raskólnikov en *Crime e Castigo*. O atormentado novelista pasou aquí os días máis desgrazados da súa vida. No ano 1849 sería arrestado por participar nunha conspiración contra o zar. Despois de superar un simulacro de execución na fortaleza de Pedro e Pablo sería confinado durante nove anos a Siberia, tal como se recolle en *O idiota*.



RUSOS DE CONFECCIÓN ORTODOXA VISITANDO O MOSTEIRO DE SERGUEI POSAD



NENOS RUSOS NA VILA MEDIEVAL DE SUZDAL

San Petersburgo resulta atraente, amais de polos seus monumentos e asentamento privilexiado, polo ritmo de vida dos seus habitantes. Despois de soportar un inverno con catro horas de luz e temperaturas por debaixo dos 20 graos, as persoas camiñan polas rúas apurando botellas de cervexa e compartindo vodka nas terrazas mentres os turistas contemplan abraiados un espectáculo da natureza báltica: as mulleres máis fermosas do mundo. Un arquetipo feminino que, cos seus rasgos eslavos, as vestimentas axustadas e os audaces destapes que resaltan a súa esvelteza, semellan unha fantasía só admirada nas pasarelas máis cotizadas do mundo. Nada que ver coas meretrices que visitan á medianoite os hoteis da cadea Intourist para satisfacer a promiscuidade dos turistas máis impresionables.

Ao redor da cidade, no medio dunha chaira ateigada de fragas e lagos, erguéronse os pazos zaristas de Pavlovsk, Gatchina, Oranienbaum e Peterhof. Expresións de triunfalismo e típicas mansións de tradición versallesca, con interiores fastuosos, fachadas barrocas e xardíns sensuais para satisfacer a vida desleixada da clase nobiliaria derrubada polos bolcheviques no ano 1917. Agora constitúen unha extraordinaria fonte de ingresos para as baldeiras arcas rusas. Sobre todos destaca o elegante Pazo de Tsárkoye Seló, onde se atopa unha reprodución do Salón Ámbar. Construído polo artista danés Gottfried Wolffram a principios do século XVIII, por encargo do rei Federico I de Prusia para empregarse como cuarto de fumar no Pazo de Charlottenburg, consistía nun revestimento de 55 metros cadrados de placas de ámbar báltico semitransparente con tons amarelos e laranxas. Cedido como agasallo aos rusos polo novo rei prusiano Federico Guillermo I, foi instalado no Pazo de Inverno de San Petersburgo e máis tarde en Tsárkoye Seló. Roubado polos nazis en 1941 tras o cerco de Leningrado, esta inigualable xoia artística desapareceu misteriosamente despois do bombardeo da cidade de Königsberg tres anos máis tarde.

Cando a viaxe remata no aeroporto de Pulkovo a terrorista chechena aínda non fora localizada. Días máis tarde a policía rusa confirmaría que dous atentados simultáneos causaron os accidentes aéreos de dous Tupolev cun trágico saldo de 90 vítimas. As bombas foran detonadas por Satsita Dzhebirjánova e Roza Nagá-



CATEDRAL DE SAN PEDRO E SAN PABLO ONDE
DESCANSAN AS CINZAS DOS ROMANOV
ASASINADOS NO ANO 1918

yeva. Dúas viúvas negras que decidiron morrer matando. As autoridades rusas mobilizaron a máis de 24.000 policíaas en previsión de novos atentados, pero días despois outra terrorista suicida matou a nove persoas nunha estación de



A IMPRESIONANTE FACHADA DA ERMITAGE ANCORADA SOBRE O RÍO NEVA

metro de Moscú. A traxedia de Otsetia do Norte con máis de 300 vítimas semella outra volta de torca máis na guerra fraticida entre Moscú e os rebeldes de Grozni.

Na fronteira do século XXI o retrato de Rusia é crítico: 40 millóns de persoas viven na pobreza, a esperanza de vida caeu en picado e a recadación por impostos é inferior á da cidade de Nova York, unha cifra insuficiente para cubrir as pensións e os salarios dos millóns de empregados do sector estatal. Restaurantes a 100 dólares o cuberto, tendas con *riojas* gran reserva con prezos de orixe triplicados, putas a 500 dólares por noite e modelos de alta costura protexidas por gardacostas con garavata, compiten coa outra cara da moeda: salarios e pensións raquícticas, vellas que venden flores silvestres nas rúas, mendigos afastados do centro turístico e un sistema sanitario que non garda relación co soviético. Malia as enormes diferenzas xurdidas entre ricos e pobres, para moitos a liberdade de expresión compensa as dificultades e viven na esperanza de que os investimentos estranxeiros e o incremento do turismo alivie



RETRATO DUNHA VODA NA CIDADE DE SAN PETERSBURGO

os seus problemas sociais. A propaganda da extrema dereita e o renacemento relixioso amosan a outra cara da moeda.

Neste país cun pasado tan controvertido e un futuro tan impredecible como o interior dunha *matrioschka* todo resulta desmesurado. O presidente Vladimir Putin está disposto a seguir, a imitación do paleta de Texas, coa súa política de *terra queimada* e anuncia unha guerra preventiva fóra das fronteiras rusas. Despois de aniquilar a máis de 100.000 chechenos, ofrece 10 millóns de dólares polas cabezas de Shamil Basáyev e Asián Masjádov. Estes respectados e laureados oficiais do exército soviético ofrecen 20 millóns de dólares pola captura de Vladimir Putín. Nesta bolsa da intolerancia os terroristas cotízanse cunha vaidade insufrible. Un delirio no polvorín do Cáucaso de consecuencias imprevisibles.



ESCENA COTIÁ: MULLERES DE SAN PETERSBURGO VENDENDO FLORES NA PROSPET NEUSKI.

Canções de Noia



Prudencio Romo

Yo te juré

Esta melodía, que para algúns tamén é coñecida co título de “Recuerdas ángel bello”, forma parte do máis afincado repertorio dos cantores da nosa vila.

O xeito de cantalo era facendo primeiro a canción a dúo (3ª) dende o comenzo ata o final. E logo, volvían ó comenzo cantando unha parte do coro “Recuerdas ángel bello” e o outro coro “yo te juré” que afortunadamente cadra. E cadra porque as frases van de catro en catro compases ata completar os 32 que ten cada tema. Efectivamente, cadrábano e terminábano xuntos, aínda que harmonicamente sexa un disparate harmónico. Pero asegúrovos que era realmente divertido oílo, e aínda máis curioso era ver a atención e entusiasmo que os cantores poñían no empeño por vencer as dificultades sonoras que topaban no camiño para poder rematar xuntos.

Á parte desta anécdota, o certo é que esta é unha canción belísima, impregnada do máis puro romanticismo da época, magnificamente construída a liña melódica, e que oferta unha chea de variantes para a súa harmonización.

É moi difícil que sexa nosa, é dicir, dese compositor noiés anónimo que fixo tantas cousas e non firmou ningunha, ou alomenos ata agora non demos con el. O que si lle temos collido bastante é o estilo, máis esta canción non concorda co seu xeito de compondor música. Nembarigantes unha cousa si é certa: agora que se editan tantos cancioneiros, o mesmo a nivel nacional que rexional, en ningún deles aparece esta canción, pero a letra está moito no estilo doutras cancións noiés. ¿Será nosa?

Yo te juré

¿Re-cuerdas an- gel be- llo, que por pri-me-ra
vez tu ba-qui-tay la mi-a jun-ti-tas;
te be-sé? ¿Re-cuerdas an- gel be- llo? ¿ja-más lool
-vi-da-re al mi-rar te-en-canta do
-ra. Yo te ju-ré yo te ju-
-ré a-mar-tay ser te fiél tu me ju-
-ras te in-gra-ta ser lo tam-bién En
tan-to tiem-po cre-i ven-cer i mea-
ban-do has-te in-fiél mu-jer



Ricardo Güeto

Noya F.C.

Tempada 1959/60

Despois de dúas tempadas sen fútbol oficial en Noia volve co nome de Noya F.C., dado que na etapa anterior xogaba co nome de Noya C.F.

Sería o presidente D. Manuel Hermida Iglesias, como vicepresidente D. José Brenlla Blanco, que ó longo dos anos sería presidente en distintas etapas da historia do Club. D. Ricardo Mariño Golpe exercería de secretario.

De adestrador comezou Manolo Blanco, un home que traballaba na banca e que logo casaría cunha noísa, non terminou a campaña e foi relevado por un ex-xogador do Noya do ano 1948/49 que era natural da Pobra do Caramiñal e chamábase Picos.

A plantilla estaba formada por Julit (máis coñecido por Cazolla), Jorape (coñecido como José Pena), Pena (coñecido como o Montañés), Lomba, Rafa, Cerecedo, Rama, Albino, Chuchu, Julio, Nacho, Rodolfo, Manolito, Pepé, Taro, Jaime e Pedro Sáez.

Todos eran noíeses excepto Rafa (Santiago), Albino (Santiago), Cerecedo e Rodolfo (Pobra), Nacho (Palmeira) e Julio (A Coruña), que logo casaría en Noia.

Participase na serie "A" Rexional grupo Sur, o que era un tanto raro pois case sempre se fixera no grupo Norte, e os equipos participantes eran os seguintes:

Alondras de Cangas de Morrazo, Noya F.C., Xuvenil de Pontearreas (recén descendido da 3ª división), Marín, Choco de Redondela, San Lorenzo da Guarda, Couto de Ourense, Arenal de Santiago, Arenteiro do Carballiño, e Celta "B", o que facían un total de 10 equipos.



DESPEDIDA DO XOGADOR ESTANIS NO ANO 1959. RAMA, ANTONIO, PITUCHERA, RUBIO, M. BLANCO, HERMIDA, MARIÑO, BRENLLA, PACUCHO, MANOLITO, PENNA, LUIS, JAIME, RUBIO, CHUCHU, MATITO, JULIO, JULIT, PEPE E PEDRO

Os resultados do Noya F.C. foron os seguintes:

- 14/2/60 o Noya F.C. debuta en Vigo no campo de Balaídos nun día de inverno e co campo feito unha lagoa, pérdese por 2 a 0 e a aliñación foi a seguinte: Julit, Pena, Lomba, Rafa, Cerecedo, Rama, Chuchu, Pepé, Manolito, Pedro e Jaime. Gran partido do porteiro Julit.
- 21/2/60 na 2ª xornada visítanos o equipo do Alondras e o partido acabou con empate a 1 gol.
- 28/2/60 o Noya F.C. despróza-se o campo da Tecla na Guarda ante o San Lorenzo e gaña o equipo noiés por un contundente 1 a 3.
- 6/3/60 o Noya F.C. sale goleado do campo de San Alberto polo Marín por 0 a 6.
- 20/3/60 no campo do Espiñedo en Carballiño prodúcese a segunda victoria a domicilio gañándolle o Arenterçiro por 0 a 2 goles.



NOYA F.C. 1959-1960. PONTEVEDRA 6 - NOYA 1. CAMPIONATO GALEGO DE AFECIONADOS. RAFA, JORAPE, PENA, ALBINO, RANDA, LOMBA, PEPE, CHUCHU, MANOLITO, RODOLFO, TARO, JULIT.



NOYA F.C. 1959-1960 (EN SAN ALBERTO). PENA, JULIT, ALBINO, CERECEDO, LOMBA, RAFA, CHUCHU, PEPE, MANOLITO, RAMA, TARO.



EQUIPO DO NOYA F.C. (1959-1960) XUVENIL.
MARTÍN (AD.), CALICHE, PACUCHO, JESÚS, PICHETE, CASIANO, MARTÍNEZ, RUBIO, COBAS, HERMIDA (PT.).
RAÚL, ANGEL VENTURA, JAIME, PITUCHERA, LUIS, JULIO.



PENA E JULIT. CUN TROFEO GAÑA NA TEMPORADA 1959-1960

- 27/3/60 nova derrota noíesa en San Alberto co Choco por 0 a 3.
- 3/4/60 o Noya F.C. perde en Pontearreas contra o xuvenil por 1 a 0.
- 10/4/60 nova victoria do Noya F.C. a domicilio, esta vez fronte o Couto de Orense por 0 a 1.
- 17/4/60 terminaría a 1ª volta gañando o eterno rival, o Arenal de Santiago por 3 a 2.
- 25/4/60 comeza a segunda volta entre o Noya F.C. e o Celta "B", día de San Marcos, xógase pola mañá (primeira vez na historia) ante un cheo impresionante e o resultado final sería de 0 a 0.
- 1/5/60 o Noya F.C. perde no Morrazo co Alondras por 3 a 1 logo na seguinte xornada.
- 8/5/60 vapulea por 4 a 1 ó San Lorenzo.
- 15/5/60 o Club branco cae derrotado en Marín no campo de San Pedro por un escandaloso 9 a 0.
- 22/5/60 gáñaselle por 2 a 1 ó Arenteiro.
- 29/5/60 cae derrotado no campo de Santa Mariña en Redondela ante o Choco por 4 a 0.
- 5/6/60 empátase en Noia ante o Xuvenil de Pontearreas e a semana seguinte.
- 12/6/60 derrota outra vez en San Alberto e tamén por goleada ante o Couto de Orense por un rotundo 1 a 6.
- 19/6/60 terminaría a liga cunha victoria fronte o Arenal de Santiago por 0 a 2.

A clasificación quedaría da seguinte forma:

1º Marín, 2º Choco, 3º Xuvenil, 4º Alondras, 5º Noya F.C. (con 17 puntos, 7 victorias, 7 derrotas e 3 empates, con 23 goles a favor e 42 en contra), 6º Celta "B", 7º Arenal, 8º Couto, 9º Arenteiro, 10º San Lorenzo.

Xógase o campionato de afeccionados nos que os

FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL

Temporada 1959 - 60

SOLICITUD PROVISIONAL DE
INSCRIPCION DE JUGADOR **A**

Apellidos **PENA ABEIJON**

Nombre **JOSE RAMON**

Domicilio **LUIS CADARSO** Población **NOYA**

Lugar y fecha de nacimiento **NOYA 9-3-1936**

Club de procedencia _____
de _____

El firmante, cuyo nombre y demás circunstancias quedan expresadas,
ha suscrito con esta fecha demanda de inscripción de la Real Federación
Española de Fútbol a favor del Club **NOYA**
de **NOYA** perteneciente
a la categoría **REGIONAL** de esta Región.
NOYA a 17 de **OCTUBRE** de 1959.

Firma del jugador:

Presentada a registro el
día de **10 OCT 1959** de 19
con el número **1759**

El Secretario General,

SOLICITUDE DA FICHA DE J. RAMÓN PENA
ABEIJÓN "JORAPE"

partidos máis os resultados foron os seguintes:

A primeira eliminatoria xógase co Santiago, daquela en 3ª división (na 58/59 foi 14º), o primeiro partido xógase en Noia e o resultado é de 3 a 3. Logo en Santa Isabel nun partido matinal o Noya F.C. gaña por 0 a 2 con goles de Chuchu, neste partido debuta o meta Jorape.

Na seguinte eliminatoria tócanos o Cambados, daquela tamén en 3ª división (na tempada 58/59 foi 12º). A eliminatoria quedou encarrilada no primeiro partido cun contundente 4 a 0 con goles de Chuchu, Manolito (2) e Taro. No segundo partido perde o Noya F.C. por 1 a 0 no campo da Meced; a aliñación dos noíeses foi a que segue: Jorape, Pena, Lomba, Rafa, Albino, Rama, Chuchu, Nacho, Manolito, Taro e Jaime. O árbitro foi o Sr. Pazos.

Xa en cuartos de final tócalle o Pontevedra, tamén de 3ª división (na tempada 58/59 foi 9º) e nesta ascendía a 2ª división. O primeiro partido xógase tamén en Noia con empate a 3 goles.

Logo, en Pasarón, o Noya F.C. perdía por un rotundo 6 a 1 nese partido xogouse con: Jorape, Pena, Lomba, Rafa, Albino, Rama, Chuchu, Pepe, Manolito, Nacho e Taro.

Partidos Amigables.

— 16/8/59 xógase co eterno rival, o Arenal de Santiago un partido amistoso denominado operación ladrillo, que consistía en que cada afeccionado levase ó campo un ou varios ladrillos para a construción da grada e dos vestiarios. Foi todo un éxito. Gañou o Noya F.C. por 5 a 1 e aliñou os seguintes xogadores: Julit, Carlin, Pena, Rubio, Estanis, Pacucho, Chuchu, Matito, Manolito, Pepiño da Rasa e Segundo Petisco.

— 9/7/59 Riveira 3 - Noya F.C. 2.

— 3/9/59 Noya F.C. 4 - Silva de Vigo 1.

— 28/8/59 Noya F.C. 3 - Riveira 1.

— 6/9/59 Noya F.C. 3 - S. Viguesa 1.

Xogáronse outros con equipos modestos de Santiago e partidos na Pobra e Son.

Nas festa de Noia dispútase o 1º trofeo Escultor Ferreiro entre dous equipos da 3ª división ó Pontevedra e ó Gran Peña de Vigo, gañando os pontevedreses por 3 a 2.

Outros datos:

O Noya F.C. tiña naquel entón un equipo de xuvenís nos que destacaban xogadores como Estanis, Pacucho, S. Petisco, Ángel Ventura (actual Vpte. da Sociedade Liceo) Rubio, Pituchera, Albores, Julio, Zamorita e outros moitos que adestraba o ex-xogador Martín.

Dicir que San Alberto naquela época levou unha reforma moi grande, cun novo peche, sobre todo na estrada da calzada onde antes era un camiño de carro. Fanse fan novas taquillas, vestiarios, bar e pónenselle asentos á grada de xeral (onde hoxe existen no instituto de San Alberto). Dicir tamén que sereformou o terreo de xogo, posto que na zona norte e nun lateral tiña barro e púxoselle herba. Total, un gran traballo da xunta directiva.

Destacar que para sacar diñeiro se facían bailes na pista do Casino detrás da sociedade, coñecida como a rúa do Asesino, tamén se fíxo unha venda de rifas na que se sorteaba unha viaxe á Coruña para ver o trofeo Teresa Herrera, e dicir que o agraciado foi o ex-xogador do Noya F.C. Tino Mato.



NOYA F.C. 1959 - 1960 (EN CAMBADOS). M. BLANCO (ADT.), RAFA, JORAPE, ALBINO, PENA, LOMBA, RAMA, PEPE, HERMIDA (PTO.), CHUCHU, RODOLFO, MANOLITO, TARO, JAIME.



NOYA F.C. 1959-1960. HERMIDA (PT.), RAFA, JORAPE, PENA, ALBINO, PACUCHO, LOMBA, MARINO (STR.) M. BLANCO (ADT.), PEDRO, PEPE, RAMA, MANOLITO, JAIME E JULIT.



Beatriz Bralo
(2º PREMIO LICEO 2004)
Escola de Gravado A. Costa (Liceo de Noia)

IN MEMORIAM

Manuel Hermida Iglesias



A Manolo Hermida "Fanaraco" partíuselle o corazón o venres 10 de setembro de 2004, ao mediodía. El, un enfermo crónico cunha saúde de ferro, fóisenos de repente, sen avisar, sen dicir até logo ou deica mañá, como se tivese présa por tomar uns grolos –agora xa pode– cos seus amigos que o precederon: o maestro Moas, don Generoso Souto, don Basilio o Perito, Manolo Guerra, Tono Lado, Antón Avilés, Moncho Villaverde, Segundo Pérez... e tantos outros, camaradas de festas e de traballos, conmlitons no amor a Noia, que esa si que é unha enfermidade. Porque Manolo, o home das efemérides, das torcidas para candiles e das pequenas cousas sufría como ninguén pola súa Vila. A súa actitude de Pepito Grillo, sempre incor-diando o poder establecido, sempre esixindo das autoridades competentes mello-ras, grandes ou pequenas, para a Noia dos seus amores, era unha actitude vital que iniciara nada máis chegar da emigración holandesa a finais dos anos 60.

Un libro, *Efemérides noiesas*; centos de artigos nos xornais galegos e nas revistas *Barbanza* e a nosa *Alameda*, e un arquivo-hemeroteca único sobre a vida noiesa do século XX, resumen o traballo inxente deste home meticuloso, crítico, aparentemente frío pero apaixonado por tres grandes motivos: a familia, os amigos e o pobo de Noia.

Manolo Hermida, que nacera premonitoriamente un 11 de novembro, festivi-dade de San Martiño, patrón da parroquia noiesa, deixounos aos 74 anos. Non era vello –nunca se é vello para morrer–, e aínda lle quedaban moitos anos para escribir e recopilar datos sobre a xove Noela, pero a vida é así e a historia, sabíao ben el, escríbese por efemérides. Por iso na Revista *Alameda* estamos de loito. Perdemos un amigo entrañábel e un colaborador especial. Pero máis perdeu Noia porque, nuns tempos de tantos desamores, Noia perdeu un namorado dela. E iso si que doe.

Xosé Agrelo Herme



Carlos Pereira Martínez

Algunhas notas sobre a familia Ladrón de Guevara, Culleredo e Noia

*S*endo no penúltimo número de *Alameda* o artigo no que Manuel Hermida –que nos deixou para sempre hai poucas semanas– facía unha escolma de noticias de prensa referidas a Noia lembrei, ao ler o apartado que lle dedica á necrolóxica de Cristina Ladrón de Guevara, viúva de Alejandro Rodríguez Cadarso, a estreita vinculación da familia Ladrón de Guevara con Culleredo, concello ao que chegou, na primeira metade do século XIX, Luis Ladrón de Guevara, do que partiran as diversas ponlas da familia.

Bernardo Ladrón de Guevara:

Natural de Ribadeo, casaría con Melchora Gabito y Pardo, natural de Tapia (Asturias).

O matrimonio, que saibamos, tivo por fillo a Luis.

Luis Ladrón de Guevara Gabito:

Nacido na parroquia de Santa María de Angustia, na provincia de Lugo, ca. 1805, é médico de profesión, en 1847, sendo veciño de Santa María de Rutis (Culleredo), casa nesta parroquia cullerdense con María Presentación Saavedra, de 32 anos, veciña de Rutis e natural de Ferrol. O matrimonio residiría na aldea de Castro-Laxe, na mencionada parroquia de Rutis [Arquivo Parroquial de Rutis, Libro 2º de Casados (1721-1850)]. Supoñemos –aínda non puidemos comprobalo nos Libros de Actas– que debía ser médico municipal do que entón aínda se chamaba Concello de Alvedro (actual Culleredo).

Uns anos despois, o 29 de xullo de 1854, no transcurso do célebre andazo de cólera deste ano, morrerálles o seu fillo **Luis**, probablemente o primoxénito [A. P. Rutis, libro 4º de Defuntos (1850-1857)].

E o 2 de novembro de 1857 encontrámolo como unha das testemuñas da voda do propietario José Villar y Río Soto con Francisca Fernandez. José Villar y Río Soto era alcalde de Culleredo en 1846, cando se producen os

sucesos do levantamento de Solís [A. P. Rutis, libro 4º de Casados (1857-1890)].

Fillo do matrimonio de Luis con Presentación, e natural de Rutis, foi tamén Manuel.

Manuel Ladrón de Guevara Saavedra:

Coronel do Exército, casaría con Natalia Enríquez Bermúdez, da casa de Pallas, en San Xurxo de Artes (Carballo), sendo fillos do matrimonio Manuel, María del Socorro, Luisa, Cristina e Antonia Ladrón de Guevara Enríquez.

Irmá de Natalia foi Carmen Enríquez Bermúdez, que matrimoniou cun home de apelido Gastón, sendo pais de Carmen Gastón Enríquez, esposa de Juan Sánchez Anido, gobernador civil de Barcelona e alcalde da Coruña, que tamén tiña residencia de verán en Rutis (Culleredo).

Manuel Ladrón de Guevara Enríquez:

Naceu na Coruña en 1893. Casado con Lina Rovira Sáenz (filla de Matilde Sáenz e neta de Matilde de Andrés Moreno), o matrimonio tivo, que sabiamos, os seguintes fillos: Manuel, José Ignacio, Natalia, Pedro Isaac, Luisa, Fernando e Lina Ladrón de Guevara Rovira.

Foi médico titular municipal e inspektor da Beneficencia de Culleredo a partir de 1924, durante varias décadas, destacando pola súa dedicación profesional.

Coa chegada da IIª República, un acordo da Corporación Municipal de Culleredo, do 24-9-1931, reduce a 250 pts. as 500 de gratificación que recibía como inspector municipal de Sanidade, “por haber sido tomado aquel acuerdo por una Corporación dictatorial...” (o acordo tomárase en 1925). Manuel presentará un recurso, pero seralle rexeitado. En 1960 encontrámolo como médico colaborador da mutua “Hércules Coruñés”.

Durante a Guerra Civil dous dos seus fillos participan, como voluntarios, no bando “nacional”. Así, unha noticia de prensa infórmanos que viña de chegar a Culleredo, a pasar unha tempada coa familia, o mozo Manuel Ladrón de Guevara Rovira, voluntario no “Veciadas recompensas” [*El Ideal Gallego*, 20-8-1939].

E José Ignacio, que faleceu de enfermidade, aos 21 anos, o 24-10-1942, sendo soterrado no cemiterio de Tarrío (Culleredo), participara tamén como voluntario. A reseña de prensa salienta que era un notábel artista da talla [*EIG*, 25-10-1942].

No ano 40 tamén encontramos a noticia de que cos seus tíos, os señores de Massó, está pasando unha tempada a súa sobriña Natalita Ladrón de Guevara Rovira [*EIG*, 31-7-1940].

Hai poucos anos a Corporación Municipal de Culleredo dedicou a Manuel Ladrón de Guevara unha praza pública na parroquia de Culleredo, acto ao que asistiron algunhas das súas fillas, residentes en Carballo. Ten asimesmo unha rúa na citada parroquia.

María del Socorro Ladrón de Guevara Enríquez:

Casaría con Joaquín Seijas Poch, médico do Hospital de Santiago, de

familia catalana oriúnda de Esparraguera (Barcelona), que montaron en Galiza industrias da pesca xa no XVIII, asentándose en Sanxenxo, e que foi transmisor da liñaxe do pazo de Vigovidín (Almeiras-Culleredo) –xa vendido anteriormente–, tendo como fillos a Manuel, Rafael, Ramona e Maruja Seijas Ladrón de Guevara.

Manuel Seijas Ladrón de Guevara casaría con María Núñez Souto, pero a parella non tería descendencia. Sucedeuno no vínculo o seu irmán Rafael, médico de profesión, asentado en Santiago, que casaría con Esther Iglesias Castro, tendo a parella dous fillos, Rafael e Carlos.

Ramona casaría con Ramón González Lorenzo.

E Maruja casaría, na capela das Siervas de María, en Santiago, co médico de Valdoviño Manuel Couce Casas. Foron padriños Natalia Enríquez Bermúdez, avoa da noiva, viúva do coronel Manuel Ladrón de Guevara, e o tenente de Artillería Evaristo Couce Casas, irmán do noivo, e testemuñas Joaquín Poch Moreno, Manuel Ladrón de Guevara, José Gato Otero, Jesús Rodríguez Cadarso Ladrón de Guevara, Manuel S. Valenciano e José Portal Ladrón de Guevara [*EIG*, 2-3-1943].

Luisa Ladrón de Guevara Enríquez:

Casaría co avogado pontevedrés José Portal Fradejas, tendo o matrimonio un fillo, José Portal Ladrón de Guevara.

José Portal Fradejas falecería o 13 de maio de 1942, enterrándose ao día seguinte en Santiago. Era avogado, ex deputado provincial, cruz vermella do Mérito Militar, terciario franciscano, destacada figura do foro galego. Premio extraordinario de licenciatura en Dereito (Santiago). Labor de propaganda a favor do Movemento Nacional. Director de *Pensamiento Español* de Madrid e colaborador no xornal clerical *El Debate* [*EIG*, 14-5-1942].

Cristina Ladrón de Guevara Enríquez:

Casou co médico noiés Alejandro Rodríguez Cadarso, deputado pola O.R.G.A. en 1931 pola provincia da Coruña, nacendo do matrimonio nove fillos: Juan Manuel, médico; Víctor, médico; Luis, médico; María del Carmen, graduada na escola Normal; Alejandro, avogado; Antonio, avogado, José, avogado, María Cristina, avogado e Jesús, médico.

Rodríguez Cadarso fora elixido reitor de Santiago en 1930 (xa fora vicerreitor en 1920). Foi reelixido deputado na segunda lexislatura, morrendo en accidente en

Lubián (Sanabria) o 18 de decembro de 1933, cando regresaba de pronunciar unha conferencia en Madrid.

Un fillo de Rodríguez Cadarso, Jesús, tamén médico de profesión, casará no verán de 1941, en Noia, con Carmucha Juanatey Rodríguez. Serían padriños Cristina Ladrón de Guevara, viúva de Rodríguez Cadarso, nai do noivo, e Eduardo Juanatey, irmán da noiva. Testemuñas da noiva: José Portal Fradejas, avogado; José Rodríguez Cadarso, alcalde de Cambados; Alejandro Cadarso Caa-maño, médico de Noia e o tenente de navío Luis Jáude-nes Cadarso. Testemuñas do noivo: Manuel Villar Igle-sias, profesor auxiliar de Medicina de Santiago; Ángel Jorge Etcheverry, catedrático da Facultade de Medicina de Santiago; Manuel Ladrón de Guevara, médico de Culleredo, e Alejandro Rodríguez Ladrón de Guevara, tenente do Corpo Xurídico e irmán do noivo [EIG, 30-7-1941].

Antonia Ladrón de Guevara Enríquez:

Quedaría solteira.

Solita Ladrón de Guevara y Ortiz Zárate:

Non podemos establecer, de momento, filiación desta muller. Só encontramos a noticia dunha viaxe súa a Valladolid [EIG, 3-9-1941].

FONTES

Arquivo da parroquia de Santa María de Rutis (Culleredo).

Arquivo Municipal de Culleredo, Libros de Actas da Corporación Municipal.

El Ideal Gallego.

La Voz de Galicia.

BIBLIOGRAFÍA

Martínez Barbeito, Carlos: *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*, Deputación da Coruña, A Coruña, 1978.

Pereira Martínez, Carlos: *Persoas ilustres de Culleredo*, II, Culleredo, 1997.



PORTA DA VILA

Conto

Premio: I CONCURSO DE CONTOS LICEO DE NOIA

Goodbye my friend

Pseudónimo: time

Debuxos: ALFONSO COSTA

Beatriz Dacosta Molanes

Aeroporto Raíña Sofía. Laura lembrou ós Alan Parson Project Querereite sempre, sempre. O tempo roto. Fora ó auditorio de Santa Cruz a oílos. O batería levaba un tarzán no peito mentres o público fervía na percusión. Tocáralle a viaxe a Tenerife e entradas ó concerto para dúas persoas. O fume de cores axudoulle a revivir a súa cinta favorita que se lle derramara na xuventude e que, a pesar de buscala por tendas de discos, nunca máis chegara a conseguir. Con sons volvía aquela declaración de quen fora o seu mozo baténdolle nas tempas. Unha señorita con artrose paseaba a voz pola sala principal. Agora, xunto con Dorita, agardaba o avión de regreso entre labirintos comerciais e inxentes babeis que eran depositadas no aeroporto decrepitas de días de descanso. Gustaríame abrir un restaurante. Time after time. Os anacos extraviados de cancións encaixaran o paso dos anos e ela sentíase vella e renovada a un mesmo tempo. Un teléfono soa adosado á mesa do café. ¡Tantas veces, Dorita, tantas veces agardando o futuro que nunca chegou! O avión virá e trasladará á senectude a extremos insospeitados. Unha parella distánciase con equipaxe e raquetas de dúas copas baleiras de laranxas. Todo é segundo, Dorita, todo é segundo. Todo xorde e desaparece con inmediatez, en chegadas e saídas, ir e vir, ¿e nós?, ¿onde quedamos nós? Tan-

tas veces agardando a que mañá amañeza e sempre os nenos e Manolo, Manolo e os nenos e así facéndose sempre tarde para min. Ir e vir, como daquela, cando iamos pola autoestrada de Vigo a Santiago. Querereite sempre, sempre. Cantabamos o tema de Amonia Avenue. O vocal parecía querer dicir “saca un ovo” en “goodbye my friend”. Pero ninguén no auditorio se atreveu a quitar nada. Nin sequera Manolo cando imos no coche. Só aquela chuvia, aquel son, aquela relixiosidade, aquela emoción. Moitos achegáranse ó escenario envoltos en verdes, encarnados, lilas, amarelos, fume e seis intérpretes de estrutura piramidal que procuraban no seu vetusto esplendor o retiro da vellez baixo un ceo de vermes azuis. E dentro de Laura as palabras raídas do seu home, o seu tesouro de alioli co que cada día aderezaba a rutina mentres buscaba acubillo. Chovía. Cantaruxaban ós Alan coa axuda das letras impresas da carcasa. Amor, cando remate hostalería gustaríame traballar nun bo restaurante e co tempo abrir un negocio preto do mar. No Raíña Sofía os turistas desaparecen despois de facturar con destino ás súas propias chuvias. No auditorio todo se fusionara na mesa de mesturas e o desexo renacía impulsado polo siroco. Vinte anos dende que a estrada engulira as cancións. Manolo conducíraa no coche ata a súa pensionciña de soños e améndoas. Antes de acender o motor el achara a carta escrita do puño e letra de Laura adornada con laciños de follado. Pero hoxe os empregos están difíciles. Xa nos sobran os ollos, Dorita, para darnos de conta de que as cousas están moi detidas, aínda que se non arriscas... pero sempre Manolo e os nenos, os nenos e Manolo. O aeroporto é puro patear. El leuna antes de arrancar cara a Santiago e emocionouse co crocar de chispas que saían das letras... “... o desexo é volcán ó teu carón, es a miña lava, o mollo que un día puxen a ferver cun punto de cilantro, mel de palma e algún cen-



tilitro de licor de papaia. Fórmaste crema de gofio. En ti toco sal. Morro de ganas de estar ó teu carón e vivirte de bicos de salvia con caricias de romeu e acubillarme, de cebola, nos teus brazos, e bailar, amor, as danzas dos ventos...”. O meu Manolo e eu estabamos emparaugados ata os dentes, Dorita, pero agora xa ves, ten moito traballo no taller, que eu non me preocupo de nada, que non o podía fechar durante uns días, que onde vou ir eu soa, sen el non me sei mover, e case ten razón Dorita, é como se me faltase o aire, que alí están el e os nenos, pero púxose parvo, que non, non e non, que ti non vas a Tenerife e eu lembraba a cinta dos Parson, aquela tarde de chuvia cando me dixera aquilo de quereire sempre, sempre, e non me parecía o mesmo home, Dorita. Estiven firme e el tremeu tanto de carraxe que ata mencionou á miña nai. E o tempo fixo esquecer que arrancaran do deserto de chuvia a primavera de soños líquidos. Time. Quereire sempre, sempre. Soaban os Alan, estaba segura. Os músicos regresaron ó escenario desarroupados do celofán e do tecido de arañeira que durante tantos anos os cubrira. A decrepitude fixo que dubidasen se volver saír ou non unha vez rematado o concerto. Laura sentiu como

a cinta da súa ilusión crebaba outra vez e que os fragmentos de vinte anos espaxados entre botes de cociña e adobo a fillos non remataban de encaixar en ningún lado. Manolo e ela discutiran coma nunca por mor do premio da rifa que lle tocara e todos os trastos da rutina e das renuncias craváronselles nas unllas. Non foi despedila ó aeroporto de Peinador por puros principios. Dorita, case é como volver a ter dezaioito anos, Manolo, os Parson, eu pero tan distinto !!!! As masas turísticas fluctúan ó rimo de autobuses cara a países nórdicos. ¡Teríalle gustado tanto aprender idiomas! Daquela nada se reduciría a sons incomprensibles entre palabras estranxeiras que transitaban polo aeroporto. A súa amiga da infancia e compañeira de viaxe traballaba como contable nunha empresa de transporte, aficionárase ós avións e ós restos do planeta espaxados dende a Pampa ata o Nepal nos tempos de lecer. Nin o dubidou cando Laura a telefonou e lle propuxo a aventura, sería coma nos vellos tempos de instituto e transistores queimando a orella con rock sinfónico. ¿Sabes?, Manolo, despois de moito discutir e como último recurso recomendoume que xa que ía vir a Tenerife, que trouxera á miña nai, ¿imaxínalo, Dorita?, ela non está para andar a moerse dun lado para outro e el erre que erre. E o seu home tamén retumba no interior do auditorio, deseñado por Santiago Calatrava e que lle custara un ril ó goberno canario, Laura sentiuno enganchado ó volante do seu seat ó rimo de Time. Por uns intres deixara de cantar as letras. Os Alan estaban cascados. Na guanteira esquerda as puntas da súa carta berraban entre notas. Soñara moito cando a escribira revivindo outra tarde de chuvia na que acompañou a un dos seus profesores ata á súa casa. Fareiche un prebe único, Laura. Chovía. Tamén soaban os Alan no equipo de música do



salón. Algún día chegarás lonxe. El fora á cociña, abriu o conxelador e retirou unha caixa con xeados de gofio. Cinco minutos e nunca terás probado nada máis exquisito, Laura. Logo a tolemia e

Manolo difuminándose en cuestión de segundos. Logo a boca na culler. Logo os ollos e o terror magnético de deixarse ir, logo ferver e a vida facéndose liviá. Chovía e Manolo notábaa con certa ausencia. Ela escribira a carta e el declaráralle o seu amor pero a intensidade non che-



gaba á cara de Laura. Pensaba no seu profesor. Retirou a cinta do aparello de música e volveuna a introducir con ímpeto. ¡Que asco, a miña cinta favorita ó garete, e esta porquería de chuvia, e este non chegar a Santiago! E o tempo escindido en dous intres opostos dos que Laura conservaba lembranza. A auga amortecendo a saliva. Querereite sempre, sempre. Pero aquel momento disolvérase no aire e os laios medraban pola irreparable perda do son. Laura non comprendeu en qué Time ardeu o erre da palabra amor e lembraba o estoupido de carraxe sobre a aprendiz de chef mentres ela intentaba acougar as chamas do amo encaixadas en vinte anos de distancia nun queimeite sempre, sempre. Vou abrir un restaurante, Dorita, os rapaces xa medraron e a casa... xa sabes cómo é a casa, alí o tempo non existe, só están Manolo e os nenos, os nenos e Manolo. O Teide coárase no auditorio de Santa Cruz e ela saboreara en éxtase a negrura da praia do Bollulo despois de ter ido ó restaurante “La oya del camello”. Alí atopáronse con sorpresa os mesmos ollos da tarde de xeado de gofio e dos meses compartidos na escola de hostalería. Chegarás, lonxe, Laura, non

esquezas nunca o que che digo. As palabras foran alento de corazón. O mestre dirixiuse á mesa das mulleres para preguntar se estaba todo ó seu gusto. Foi entón cando caeu no café unha pinga de memoria. E a fuxida como ás. Logo marcharon e xa, na incandescencia do aeroporto, Laura sentíase estraña, libre, ígnea, como un día de ollos osixenados e esperanza, igual que aquela primeira vez na que a súa maleta percorrera o anaco de pensión en Santiago e o seu profesor canario de promesas, asados, delicias e desexos lle ensinara a gozar do aroma do cilantro macerado con cravo e coa pementa e o tempo en ángulo morto sobre a cociña. Tes os dons dos sabores, Laura, algún día chegarás lonxe. Monolo decatárase de que algo estraño sucedía entre eles despois de declarárselle rendido de paixón. Pero a súa inexpresividade batendo no seu querereite sempre, sempre. Mais tivo paciencia. E os anos foron indo. Entre mestre e alumna gardábase moito máis ca unha pinga de complicidade agochada no tempo morto da cinta rota dos Alan Parson e na aprendizaxe das técnicas de cociña. As receitas nunca se resistiran nas súas mans. Demasiados anos de restaurante doméstico reservado entre a impulsividade dos nenos e a suor de Manolo. Non esquezas nunca o teu don, Laura, é a túa vida, non te limites, goza dos sabores, deixa que o mundo te coñeza, que probe os teus pratos. Manolo sería o seu primeiro cliente no local que abriría a orelas do mar e co que sempre soñara. Prepararíalle un revoltó de ovos con morriña tal e como sentía que insinuaba o tema “goodbye my friend”, serviríallo no seu punto no novo amencer de aceite fervendo, xusto no intre no que as lembranzas se espisen do celofán e os Alan, de novo con fume de rutinas, comezasen a tocar.

Poesía

Paseo sentimental por la alameda de Noia

IN MEMORIAM

Joaquín González Fernández

Sueña en silencio la piedra
De los surtidores agua
Cristalina que no llega...
Sueña...

Sueña con verse bañada
En fina lluvia de perlas...
La luz jugando en el agua
Las engarzara en sus hebras...
Sueña...

Sueñan los enamorados
Haciéndose mil primesas
Sobre la piedra tan fría
En felicidad eterna...
Sueñan...

Allá en la noche estrellada
De primavera coqueta
Sale la luna tan blanca
Para hechizar al poeta...
Sueña...

Sueña con esa otra imposible
En que la luz de una estrella
Que se apagó para siempre
A iluminar su alma vuelva.
Sueña...

Enlazadas por el aire
Bailan un vals las palmeras
Que interpretan cien cigarras
Con una música ciega...

¡Cómo bailan las palmeras!
Sueñan...





Roque Gallardo

Noia en branco e negro



A Porta da Vila deixou de ser un mercado ancestral para se converter nun espazo dinámico e atractivo, enmarcado ao fondo polos vizosos xardíns de Felipe de Castro. A circulación viaria e os tempos andaban en sentido inverso aos de hoxe, pero andaban. Todo un símbolo dunha Noia que se incorpora definitivamente á modernidade.




Do antigo patio de armas da fortaleza do Tapal permanece a orgullosa e solitaria ruína na que destaca a fiestra dende a que dona Leonor González de Sanz se viu obrigada a presenciar a execución do seu marido, Rui Soga de Lobeira, en 1342. A mediados do s. XX o cruceiro gótico da Pontenafonso viría reforzar a estampa histórica. A cruz e a espada, a Igrexa e o poder feudal. O perfecto logotipo da historia noiesa.



Unha ponte que se ve forte, fermosa, segura de si mesma. De reconstrución medieval, por ela xa pasara a vía romana *Per Ora Marítima*. Viña de Nebra, Miñortos, Sueiro, o Couto, e seguía por Outonil (*Octo milia*), A Calzada, Manle, Orro, Mirou... até chegar a Brandomil, cruce de todas as vías. Hoxe, despois de dous mil anos, pide tornar á súa fermosura primitiva. Non pide demasiado.

Os nosos libros

Xerardo AgraFoxo



XOSÉ AGRELO HERMO

Alejandro Rodríguez Cadarso

Editorial Toxosoutos / 11x16 cm. / 77 páxinas.

Esta pequena obra de investigación histórica, encastrada dentro da colección Fasquía, onde o autor xa publicara outra sobre o poeta Antón Avilés de Taramancos, constitúe unha interesante aproximación biográfica para coñecer de maneira didáctica a vida deste médico noiés que acadara un relevante posto político e académico durante a II República. O estudo comprende varias partes ben diferenciadas: *Orixes, Estudos e Actividade académica, O político, A morte, As publicacións e As distincións*.

O traballo contén varias fotografías ilustrativas da época e remata cunha coidada bibliografía. Tamén se pode ler un excelente estudo xeográfico de Pedro García Vidal titulado *Apuntamentos sobre a paixase da vila de Noia en tempos de A. Rodríguez Cadarso (1887-1933). Anos de adaptación a unha nova realidade*.



RAMÓN CARREDANO COBAS

A unlla da aguia

Editorial Toxosoutos / 15x22 cm. / 60 páxinas.

Esta obra gañou a III Edición do PREMIO AVILÉS DE TARAMANCOS DE RELATOS DE AVENTURAS 2004, convocado polo concello de Noia e organizado pola revista *Casa da Gramática*. O argumento do “renacentista” autor noiés céntrase no período histórico da invasión napoleónica de Galicia despois da batalla de Elviña. A presenza das tropas francesas dos xenerais Ney e Soult na vila de Noia levará a un grupo de guerrilleiros galegos a acometer unha heroica acción nesta vila.

Como noutra obra deste autor, *Frei Samuel*, tamén galardoada con este premio na súa primeira edición, o relato contén as características propias deste xenéro: acción trepidante, diálogos expresivos e perfecta ambientación da época. Unha lectura axeitada para todas as idades e recomendada para coñecer un acontecemento salientable da nosa historia.

A portada e as páxinas interiores atópanse iluminadas con varias ilustracións do pintor Nacho Costa Beiro.